

teima

REVISTA GALEGA DE INFORMACION XERAL

Neira Vilas, o derradeiro «cubano»
Conversa



nin seguridade
nin social:
unha desfeita

**Lugo: Bimilenario
con bombas e lotería**

**Vigo-Coruña:
A estrada da vergonza**

becas pra mellorar o seu futuro



Queremos axudar a xuventude do campo. E facémolo da maneira mais efeutiva posibel, facilitándolles os medios de progresar coa formación que desexen.


A nosa axuda concretase nas becas que otorgamos con iste afán.

Becas que queren e desexan facer un futuro mellor pra a xuventude do campo.

CAIXA RURAL PROVINCIAL DE LUGO

Oficina Central en Montero Ríos, 29

Teléfonos: 22-28-39 é 22-15-98



Caixa Rural Provincial de Lugo
«Camiño a un futuro millor»

EDITADA POLA
Sociedade Galega de Publicacións, S.A.

DIRECTOR
Anxel Vence Lois

REDACCION E COLABORACION
Luis Alvarez Pousa, Víctor Fernández Freixanes, X. M.* Palmeiro, Antón López Mariño, Xavier Navaza Blanco, Manuel Rivas Barrós, Perfecto Conde Muruais, Guillermo Campos, Xosé Platero Paz, Alfonso Sánchez Izquierdo, Xulio Xiz, Xosé R. Vilamor.

ASESORES
Carlos Casares, Salvador García Bodaño, Xosé Manteiga (Cultura).
Enrique Aller, Fernando M. Randulfe (Dereito Laboral)
Ramón Barral, Xan L. Facal, X. M. Belras, Xoan Rous, Xesús Vega (Economía)
Valentín Arias, Xurxo Torres, X. M. Espino (Ensino)
Aldexandre P. Camacho, Xoan X. González, Xosé M. Cabanas (Ecoloxía)
Francisco Carballo, Xosé M. Santalla, Alfonso Magariños, X. Chao Rego (Igrexa)
Xosé Marplá, X. M. López Nogueira, Santiago Lamas, F. X. Yuste (Medicina)
Equipo Trasmallo, Domingo Quiroga (Pesca)
Mario Orxales, Xan Bouzada, Xosé P. Vilariño, Daniel Pino, Ricardo Palmás (Socioloxía)
César Portela, X. L. Martínez, X. Bar Boo (Arquitectura-Urbanismo)
Ceferino Díaz, Claudio L. Garrido, A. Pousa Antelo (Campo)

AXENCIAS
Europa Press (Madrid), Zardoya (Barcelona), Keystone (París), Prensa Latina (Habana)

CORRESPONSAIS
Arturo Ruibal, Rafael L. Torre (Madrid)
Carlos Porto (Lisboa)
Xavier Costa Clavell, Ramón Clemente (Catalunya)
Gregorio Gálvez (Euzkadi)
A. Ramos Espejo (Andalucía)
Equipo Andalan (Aragón)
Vicent Ventura (País Valenciá)
Equipo Cort (Balears)
Ramón Luis Chao (París)
F. Pérez-Barreiro (Londres)
Domingo Fernández (Buenos Aires)
Emilia Vázquez (Santiago de Chile)
Baldomero Cores (Puerto Rico)
Fernando Pereira (Montevideo)

DEPARTAMENTO GRAFICO
Manuel Yáñez (fotografía)
Siro López, Xaquín Marín, Xosé Loquis (dibuxo)
Mario L. Rico (cartografía)

DIAGRAMACION E CONFECCION
X. M. Gómez Vilasó

SUPERVISION LINGUISTICA
Rosario Alvarez Blanco, Francisco Fernández Rey (I.L.G.)

XERENCIA:
Alfonso Rivas Fraga

IMPRIME:
La Voz de Galicia, S.A./Prelo Comercial
Concepción Arenal, 9-13
A Coruña (Galicia)
Depósito Legal: C-649-1976

DISTRIBUE:
Sendeiro
Fontiña dos Concheiros, 86-88
Teléfono 597500
Santiago de Compostela
Redacción e Administración: Rúa do Hórreo, 94, entrecán-D.
Teléfono 596741
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Teima non se fai solidaria das opinións expresadas polos seus colaboradores. Autorízase a reprodución total ou parcial de textos e grabados, sempre que se cite a procedencia.

Loitas e loterías

As semás xa pasadas, de festas e pontes do Nadal, foron pra Galicia época de sorte neso da lotería. Nun país no que case todo —empezando pola forza de traballo— sae pra fora, por unha vez, e en cantidade, entrou moneda contante e sonante. Diñeiro prós galegos. Primeiro foi a repentina riqueza dalgunhas xentes do concello de Villalba, no corazón da Terra Chá, e na mesma cidade de Lugo. Mais de tres mil millóns de pesetas nunha tacada. Logo, o día dos Reis, uns trescentos millóns mais, repartidos esta vez por terras de Pontevedra, Ourense e A Coruña. A sorte chegou ós catro puntos cardinais deste país que vive as alegrías da celebración e os efectos, sempre inmediatos, da especulación conseguinte.

Algo dese fenómeno sociolóxico se conta neste número de TEIMA que aborda tamén o tema da Seguridade-Inseguridade Social, amplia en ingresos, parca en servizos, espello no que as clases traballadoras galegas non se miran precisamente con gusto.

Pro o tempo de festas e sortes non pechou o paso á dinámica dun pobo, disposto decididamente a escribi-la súa historia. Co número pechado, chegábanos a noticia de que as case setenta familias do pobo de Morás, no concello lugués de Xove, dispoñíanse a loitar contra da empresa instaladora do complexo de alumina-aluminio, decidida ademais a espropia-los terreos a precios de risa. Labregos e mariñeiros opoñense así a un tipo de industrialización —

zona conta tamén co obsequio-amenaza dunha central nuclear— á que se lle ten definitivamente medo polas consecuencias que pode acarrear a corto e longo prazo. TEIMA, que adicou un informe — ve-lo número tres— á «industria porca de Xove», non podía deixar de recolle-lo feito que contrapón dúas maneiras de entende-lo presente e o futuro deste país. O do desenrolo a partires dos propios recursos acrecentados na medida do posible e o da industrialización parcial, a cachos, dependente, ó servizo de intereses alleos ou alleantes. Haberá que seguir de cerca e afondar neste proceso que tan ben delimitou os intereses do pobo.

Foi cadrar tamén o peche deste número de TEIMA co comenzo do primeiro congreso do Partido Socialista Galego, mentras seguían a chegar con forza e calor novas esixencias de amnistía total. Loitas, feitos e perspectivas dun novo ano en marcha na «nazón de Breogán», que diría o poeta Eduardo Pondal.

Din algúns que éste, 1977, será un ano decisivo e prometedor. Si así resulta, é de esperar que estes dous calificativos recobren todo o sentido pra este país, da man dun pobo consciente cada vez máis dos seus problemas e dos seus dereitos e decidido a loitar pra chegar a eles.

A lotería non pode facer esquencer tantas perdas e despilfarros de tantas fontes de riqueza que teñen un único propietario —aínda non recoñecido, eso sí—, o pobo galego.

O NOSO PAÍS

- 8 A Seguridade Social en Galicia: informe.
- 12 A repentina riqueza duns probes de Lugo.
- 13 Vigo-Coruña: a estrada da vergonza.
- 17 C.C.O.O.: congreso á vista.
- 18 Neira Vilas, o último «cubano» (conversa).

pobos ibéricos

- 20 Un novo xornal pra Andalucía.



23 RESTO DO MUNDO

País de Gales: os progresos do nacionalismo (II).

E as habituais seccións de «Fiadeiro», «Vieiros», Cultura, Opinión e Cartas á Dirección.

Portada de VILASO

UN ANO PRA VILLAR PONTE

Adicarlle o «Día das Letras Galegas» deste ano que escomenza a Antón Villar Ponte foi un dos acordos da Academia Galega na última xuntanza celebrada. Se 1976 serviu pra lembrar a un poeta nacionalista, Ramón Cabanillas, o 1977 vainos achegar ó xornalista e político nacionalista.

«Tendo a Galicia tódalas características esenciaes de nazionalidade, nós nomeámonos, d-hoxe pra sempre, nazionalistas galegos, xa qu-a verba «rexionalismo» non recolle tódalas aspiracións nin encerra toda intensidade dos nosos problemas». Os días 17 e 18 de Novembro de 1918 as Irmandades da Fala elaboraban o seu primeiro manifesto. Na creación das Irmandades —xerme auténtico do nacionalismo galego— participou en primeira liña Antón Villar Ponte, que entón era un mozo procedente do republicanismo coruñés, ó que abandonou pola mesma causa que máis tarde Castelao calificaría de «perfecta ineficacia».

UN XORNALISTA

Villar Ponte nacéu en Viveiro o 2 de Outono de 1881. Estudiu Farmacia en Santiago e exercéu esta profesión durante algún tempo en Foz, pra logo adicarse á literatura. Cun artigo nun semanario chamado «Nueva Brisa» principiú o seu labor xornalístico, que máis tarde lle daría tanta sona. «El País» en Madrid, «Diario Español» de A Habana, «Follas Novas» e «Alma gallega», revistas da emigración, foron outros chanzos de Villar Ponte até que asentou en A Coruña onde xa colaboraría en moitas publicacións, sendo presidente da Asociación da Prensa.

Foi elixido deputado en 1931 e 1936, anque nesta última lexislatura non poido tomar posesión xa que morréu o 4 de Marzo.

Como era normal naquel tempo, a actividade xornalística de Villar Ponte iba dende a temática política á artística. Neste último eido é moi coñecido un artigo-resposta á condensa de Pardo Bazán que escomenzaba coa fórmula «miña ilustre nemiga».

NACIONALISMO REXIONALISMO

Antón tivo que facer frente xa ó que consideraba oportunismo e que aparecía co nome de «rexionalismo». Un artigo que recolle a antoloxía «Pensamento e Sementeira. Leicións de patriotismo galego», titulado «VERBAS MORTAS», espón unha serie de ideas que aínda hoxe terían moito significado. Os de TEI-MA pensamos que non hai millor homenaxe a un home que reproducir as súas propias verbas, e estas son as de Antón Villar Ponte:



UN ANO PRA VILLAR PONTE

«Houbo un momento no que chamarse rexionalista inda significaba algo. Foi nos tempos de Alfredo Brañas i até a constitución das «Irmandades». Logo o rexionalismo ficou nunha verba coase valeira. Hoxe xa sabedes que son rexionalistas tódolos hespañoles, e por de contado tódolos galegos, incluso Bugallal e Riestra. Rexionalismo, pois, é agora unha verba morta se non leva aparelado o adxetivo «integral». E un rexionalismo deste xeito xa pode recibir o nome de nazionalismo. No das descentralizacións administrativas meirandes ou máis pequenas, nengún galego deixa de coincidir. E isto non é nada.

Pois o mesmo ocorre con outra verba, a verba galeguismo. Coidamos tere sido nós quen primeiros puxémola en circulación. Foi a pouco de se habere creado as «Irmandades». Galeguismo daquela significaba igual que nazionalismo.

Mais ista verba xa hoxe pra nós fica tamén valeira e morta. Non hai politiquiño dos da nosa Terra, nin xornal caciquil que se non chame galeguistas. ¡Todos galeguistas!

Cando nós escribimos por vez primeira aquela verba, pensamos: como o de nazionalismo asusta a moitos aínda, en troques de nazionalismo digamos algunhas veces galeguismo. E a cousa terá de ser igual no fondo. En Cataluña hai catalás —cantos naceron naquela terra— e hai tamén catalanistas. Catalanistas quer decir nazionalistas; pois inventamos a verba galeguista coa mesma equivalenza prósgalegos partidarios da autonomía integral con tódalas súas consecuencias.

Mais xa fica dito que agora acó ninguén deixa de chamarse galeguista. Rexionalismo e galeguismo, pois, pra nós dende esto carecen de valore. Son verbas mortas e fan falla verbas vivas. Son verbas próas que din moi ocos estas parvadas de comedia: «El regionalismo bien entendido», «el regionalismo sano», «el regionalismo práctico».

Frases ridículas que tanto nos fan escachar de risa ós nazionalistas.

San Esteban de Uriz (Begonte)

A percura dos voltios perdidos

X. XIZ

Os veciños de San Esteban de Uriz, no municipio de Begonte e provincia de Lugo, andan, nestes días, á percura dos «voltios» perdidos; uns misteriosos «voltios» causantes do seu problema.

Resulta que os veciños de San Esteban de Uriz tiñan luz eléctrica nas súas casas... Luz eléctrica que pagaban relixiosamente, pro que viña cando podía... Xa se sabe que a luz non ten vontade; se non, sería que viña cando quería... E cando viña non tiña nada que ver co que en realidade se pagaba...

Sabido é que a enerxía eléctrica cóntase, aparte de por pesetas, por voltios. E, según o suministrador, a enerxía era de 220 voltios... Según os veciños, era tan só de 32 v; ó parecer, un técnico da Delegación de Industria fixo a comprobación oportuna e resultou que, en verdade, eran 32 e non 220 os voltios que polos cables chegaban.

Os candís voltaron a aparecer en San Esteban de Uriz. A luz non valía pra nada. E resolveron falar co suministrador, pro a solución que lles deu —din que a súa foi «unha postura ambigua»— non os convencéu. Decidiron, pois, non pagalos recibos dunha enerxía que pra eles non era tal. E o suministrador, ante tal estado de cousas, cortóulle a enerxía hastra que lle paguen os recibos atrasados desa enerxía de 220-230 voltios teóricos.

E eisí está a cousa... ándase agora á percura dunhos voltios perdidos. Case 200 voltios fallan en San Esteban de Uriz, e nin o suministrador quere perdelos, nin os suministrados pagarillos.

O NOSO PAÍS

Emilia Díaz, aldraxada

Emilia Díaz, 36 anos, que non quixo agacha-la súa condición de adúltera e o seu problema («pra ver si sirve de algo e corríxense as discriminacións»), non o está a pasar nada ben. A xente de Vilaxoán non lle mira á cara e os fillos cáseque non poden falar cos outros nenos. (Véxase entrevista en TEI-MA-4).

Hai pouco fixo unhas declaracións ó quincenario vigués «El Pape» nas que, entre outras cousas, explicaba tamén a súa frustración como muller mesmo nas relacións sesuais con seu marido. Pois ben, un home presentouse ós poucos días na súa casa e logo de chamarlle o que non hai escomenzou a bater nela sin que ninguén fixera caso das súas peticións de axuda. «¿Non che da gusto o teu home? —berraba o agresor—. Voucho dar eu». E seguía batendo nela.

Emilia, que endexamáis agachou a cabeza, foi presenta-la súa queixa e dar contas dos feitos nun cuartelillo da Guarda Civil. A única resposta que tivo foron risas e chistes. Nada máis.

Aldraxante é a incapacidade de comprensión duns veciños (produto ó cabo de todo un sistema educativo) e, sobor de todo, a nugalla ou complicidade das autoridades que teñen a obriga de coidar, polo menos, da seguridade física dos cidadáns. ¿Quén pide responsabilidades desto? Esto non é condenábel. O adulterio sí.

O PSDE crea o PSDG

O Partido Galego Social-Demócrata (PGSD), único desatendencia que viña actuando no noso país terá dentro de non moito tempo, un irmán de nome parello: o recién nacido —seica— Partido Social-Democrático de Galicia.

Todo parez indicar, nembargantes, que as relacións entre os dous supostos irmáns terán máis dunha semellanza cas que se diz mantiñan Caín e Abel. O PSDG plantéxase, en principio, como unha delegación ou sucursal do partido do mesmo nome (pero con «E» no lugar do «G») que a nivel estatal dirixe o señor García López. O partido recién creado parez estar nunha fase estremadamente provisoria: a TEIMA foille imposible —pesa ós mil un contactos realizados— localizar ó delegado pra Galicia da nova agrupación.

Sábese, eso sí, que García López e un dos seus homes —Gómez Reino— estableceron algunhas conversas con homes do Partido Galego Social-Demócrata hai algúns meses. «Díxemoslle —afirma o pontevedrés Fontela, do cumio do PGSD— que non estabamos dispostos a entrar na Alianza Social-Demócrata nin en ningunha organización dese tipo». Respeto ó PSDG, Fontela amósase resolutivo: «o máis que pode haber entre nos —afirma— é hostilidade».

pla mobilización de masas encol de tres puntos: a reivindicación dun goberno autónomo galego, a amnistía total e as liberdades democráticas pra tódolos partidos e sindicatos sin excepción. As datas de apertura e peche desta «Semá de Galicia» —nome xeral da convocatoria— serán, respectivamente, o trece e o vinte de xaneiro.

Este derradeiro día está prevista unha sorte de monumental «fin de festa» con manifestacións en tóda las cidades do noso país. Pra facilita-lo labor de mobilización, a Táboa redactaba —no intre de pechar este número— unha declaración pública. Por outra banda, os puntos da convocatoria serán difundidos ó traveso de 25.000 octaviñas, 15.000 cartéis e 10.000 pegatinas. A Táboa non abandonará, de tódolos xeitos, os sistemas propagandísticos xa utilizados co gallo do referéndum: mítines, actos públicos, mesas de información na rúa, etc.

Os compoñentes da Táboa Democrática (Partido Comunista de Galicia, Partido Socialista Popular de Galicia, Partido Socialista Obrero Español, Partido Comunista de Unificación, Unión Sindical Obreira, Comisións Obreiras, Unión Xeral de Traballadores, Organización Revolucionaria de Traballadores e Partido do Traballo) amosaron a TEIMA a súa confianza na participación doutros grupos políticos e sindicais non integrados no organismo.

O Grove: puñetazos de primeiro de ano

Apenas transcurran as dúas primeiras horas do ano setenta e sete cando os escasos centos de persoas que participaban no baile de aninovo do Gran Hotel da Toxa tiveron ocasión de contemplar —sen saír da súa sorpresa— un dos máis sonados incidentes últimamente ocurridos nunha vila que parez predestinada á crónica de sucesos.

As dúas menos algúns minutos da mañá de San Manuel, Manuel Alayo Carrera, promotor relaciona-

do coa urbanización «Balea Marítima» agredíu, segundo varias versións, ó ex-alcalde da localidade, Xosé Lores. «Veu deica min mirándome provocadoramente —di o agredido— e sen mediar palabra algunha deume un puñetazo dunha tal forza que cáseque me derriba ó chan. Unha vez alí voltou a pegarme na boca do estómago e na sen».

Trala correspondente denuncia á Garda Civil (TEIMA non poido conqueri-la versión do señor Alayo), o señor Lores foi atendido por un médico que calificou con pronóstico reservado as súas le-

sións. Os feitos desenroláronse diante da presenza do presidente da Cámara de Comercio de Ourense e algunha outra personalidade.

A enemistade entre os señores Lores e Aloya («hai cinco anos que non me falaba con él»), afirma o primeiro deles) ven da época en que Lores ocupou a alcaldía grovense. Aloya mercou uns terreos nunha zona que o entón alcalde insistiu en defender como comunal e pertencendo. O caso ven a engadirse ó affaire Grovelán —do que informamos no seu día— e outros problemas xurdidos a raíz da revalorización da vila como centro turístico.

Euskadi: atentado contra «Berriak»

Serían as catro e media da madrugada do 31 ó Aninovo. Un dos chamados «comandos incontrolados» cortou a pechadura da porta de acceso á redacción da revista vasca Berriak. O seguinte paso foi verquer un bidón de gasolina no interior e prenderlle lume. A rúa Victor Pradera, de San Sebastián estaba tranquila e sin xente.

Perpetrábase deste xeito o primeiro atentado contra Berriak, que lle costaría, entre outras cousas, a perda do arquivo.

O seguinte paso foi a presentación da correspondente denuncia. Pro a tormenta, por chamaladalgunha maneira, non rematou e dous días despois redactores da revista na delegación de Bilbao foron obxecto de varias amenazas por teléfono. O director, Eduardo Magallón, e o subdirector de Berriak escoitaran estas amenazas hai uns dous meses. O mensaxe falba tamén da destrución dos locais. Afortunadamente sóio esto último se cumpriu.

As amenazas proviñan, ó parecer dun autodenominado «Comando Benito Mussolini de Orden Nuevo», organización encadrada na extrema dereita.

O semanario Berriak apareceu nos quíscos o pasado mes de setembro.

Ainda que se publica en castelán, inclúe tamén algúns textos en euskera e forma parte desa xeneración de publicacións que xurdiron nos diferentes pobos do Estado tratando de abordar e esplicar os problemas que rodean e atenzan a estas comunidades.

«Agora mesmo, dixo un redactor da revista a TEIMA, estamos a traballar como podemos, con moito lío porque o local é inservible. Pra nós é o primeiro perance, nunca nos pasara nada. De tódolos xeitos, non haberá corte na saída da revista á rúa». A redacción, que non solicitou protección policial, sigue, pois a traballar.

Posiblemente nos próximos días os semanarios do País Vasco publiquen un editorial conxunto, enxucinado este e outros feitos, como o da detención e procesamento da directora da revista Punto y Hora, da que informamos noutro lugar.

Son probas, tristes probas, das dificultades e os perigos dun xeito moi concreto de informar. Por eso compre mencionalos. E poñerlles remedio tendo en conta o interés e os desexos da opinión pública. TEIMA quereda que este feito rematase dalgunha maneira a xa abondo longa lista.

Do 13 ó 20 de Xaneiro

«Semá de Galicia», polo goberno autónomo galego

O longo de sete días, a Táboa Democrática —organismo constituído por diversos partidos e forzas sindicais— tentará facer unha am-

Coordinación territorial

Un plan «técnico»

No número dous de TEIMA, recollendo o sentir dun sector importante e activo da realidade galega, fixemos unha información crítica sobor do plan de Ordenación Territorial de Galicia, que se pensa dende Madrid e, dende o antedito sector non se considera en absoluto representativo das forzas sociáis, institucionáis, culturáis, políticas, etcétera, da nosa realidade; forzas que ó cabo deberán ser quen opinara e traballara directamente unha cousa tan grave e decisiva como a ordenación do territorio de Galicia.

A comisión de planificación deste Plan, nomeada por Real Decreto, está consituída polos catro presidentes das diputacións provinciais, os catro gobernadores civís, e os señores José Luis García López (home vencellado ó Instituto Nacional de Industria e firmante do manifesto do «Partido Gallego Independiente»), José Manuel Romay Beccaria, (letrado do Consello de Estado), Leandro García Losada (abogado coruñés) e Antonio Castro García (alcalde de Santiago de Compostela).

Xoan Manuel Páramo Neyra, director do Plan de Ordenación Territorial, recorreu nos derradeiros días do ano as catro provincias do noso país pra se reunir cos representantes dos medios informativos. «Trátase dunha primeira toma de contacto», dixo. No pazo de Raxóí, en Santiago, hai unha oficina do plan ordenador que vai dispoñer dun presuposto económico pra escomezarse a anclar entre noventa e noventa e cinco millóns de pesetas.

«Entendo que esta cuestión vai ser polémica», dixo a TEIMA o señor Páramo. «Vai dar pra falar longo e dabondo, mais coido que nos compre que sexa así e eu quero ser canle do tódalas opinións», engadiu. Respecto do tema da representatividade da antedita comisión dixo: «Pra min, persoalmente, onde de verdade vai esta-la forza e eficacia planificadora do plan non é nesta comisión, nomeada por Real Decreto, senón nos grupos de traballo que se fagan. E nestes grupos onde compre axeita-la máxima represen-

tatividade de tódolos sectores da realidade galega».

—¿E cómo vai acadar esa representatividade?

—Eu son un técnico, non un político. E o plan é un plan técnico, pro vou chamar a tódalas forzas, tanto da dereita como da esquerda, e podo asegurar dende eiquí que todos van ter un sitio pra discutiren e argumentaren as suas posicións. Se algun se autoescluíse sería lamentábel.

—Pro ¿qué papel ten logo esta comisión de planificación?

—Un control dos principios políticos que inspiren o plan, nada máis. Pro trátase dun plan exclusivamente técnico, no que eu son o centro dun triángulo dos que os vértices son a comisión de planificación por unha banda, os grupos de traballo e en xeral toda a opinión pública galega, que se poderá espresar ó traveso dunha «Oficina de Seguimiento y Control».

—¿E vostede consciente de que un sector desa opinión pública, representado en colexios profesionáis e en organismos como «Sigalsa», concretamente, ten rexeitado xa o plan decindo que ven viciado dende a saída?

—Eu diría que se trata dunha posición crítica que compre escoitar, pro o Real Decreto está por enriba de min, e que eu saiba, polo de agora, non hai posibilidade de cambios nesa comisión de planificación, anque sí a posibilidade de incluír algúns observadores que equilibrarían cecáis un pouquiño mais as forzas. Xa digo que en neste non son máis ca un funcionario que trata de face-las cousas escoitando a todos, dentro do que pode.

Alexandre Bóveda, in memoriam

A «Asociación Amigos da Cultura» de Pontevedra convoca un concurso de Economía e Socioloxía de Galicia «Alexandre Bóveda» que ten por fin «promover o estudo e a investigación» de todo o relacionado con estas materias. Poderán concurrir tódalas persoas de calquera nacionalidade que se atopen en situación de face-lo traballo, sobor dun tema inédito e referido a calquera aspecto da Economía ou a Socioloxía do noso país.

O idioma a empregar será o galego. Estabelecése un premio en metálico de CINCUENTA MIL PESETAS e dúas MENCIONS HONORIFICAS coa obrigación de edición por parte da Asociación en editoriais galegas.

Os traballos presentaránse por triplicado, en folios medida holandesa a dobre espacio. A súa extensión non poderá ser inferior a 70 holandesas, cadros ou datos aparte. O prazo de admisión ficará pechado ás 24 horas do día 15 de xullo do 1978. Os traballos enviaránse á «Asociación Amigos da Cultura», Oliva, 23-3.ª planta, Apartado de Correos 363, Pontevedra. Eiquí mesmo poderán da-las bases e toda a información relacionada co concurso. O fallo darásese a coñecer o 25 de xullo de 1978 e o xurado, que estará composto por persoalidades de recoñecido prestixio, será designado pola Asociación pontevedresa.

O P.T. aclara

En relación coas afirmacións feitas por TEIMA con ocasión dunha entrevista mantida co Sr. Paz Andrade e publicada no nº 2/23-30 de decembro sobor de que a Táboa Democrática de Galicia (e máilo Partido Popular Galego) escolleu ó Sr. Paz Andrade como o seu voceiro na Comisión Negociadora co Goberno, o Comité Nacional de Galicia do Partido do Traballo de España quere face-las seguintes puntualizacións:

1º.— Comité Nacional de Galicia do PTE fixo público un comunicado a raíz do nomeamento do Sr. Paz Andrade como o seu representante por diversas forzas políticas, entre as que asegún a nota de prensa figuraba a nosa, espoñendo as razóns polas que non apoia nin dito nomeamento nin á Comisión Negociadora en tanto esta non se comprometesese públicamente a defender como base mínima e irrenunciábel os programas da Táboa Democrática de Galicia e da Plataforma de Organismos Democráticos. Dito comunicado foi publicado na «Voz de Galicia» e «Ideal Gallego», se ben non integramente, o día 9 do nadal.

2º.— A Táboa Democrática de Galicia endexamáis se pronunciou sobor do devandito nomeamento, xa que, entre outras razóns esixe a unanimidade prá adopción de acordos políticos.


Secretaría de Prensa do Comité Nacional de Galicia do PTE.

A cerámica popular chega á cidade

Achegarse a calquera eido da cultura popular galega é cáseque sempre escomezarse, poñerse a andar. Os da agrupación cultural «Alexandre Bóveda» de A Coruña comprobaron unha vez máis este feito ó organizar unha exposición de cerámica galega, cecáis a primeira deste tipo na cidade, e ó preparar outra de traballos de artesanía en xeral (con bimbio, cestería, madeira, etc.). A exposición, pois, ten que ir precedida dunha laboura de investigación e de procura de materiais.

Dende o día 23 de decembro, data de apertura da mostra, a acollida que están a ter estas verdadeiras obras artísticas dos alfareiros de Mondoñedo, Lestrove, Puxeiros, Niñodagua, Bonxo, Buño, Salvaterra e Outo de Conxo, supera todo o agardado polos organizadores.

Nun principio a cousa estaba pensada como simple exposición, pro as estanterías tivéronse que repoñer xa que a xente mercou a maior parte das pezas. «Os alfareiros que siguen a traballar —decíanos un directivo de «Alexandre Bóveda»— están completamente convencidos da súa capacidade creativa; os seus problemas son de comercialización e de dar saída ó que fan». En canto ás formas é interesante ver como, aparte as características específicas de cada bisbarra, hai unhas claves semellantes do que son exemplo a presenza dos signos solares ou os mesmos botixos de roda...



Salario fixo/pra un mes

(Salario base	10.970 ptas.)
Salario garantizado	21.940
—cen por cen do salario base—	
Domingos e festivos	2.742
—cincuenta por cento salario base—	
Roupa de traballo	450
—quinze pesetas por día—	
Servicio de cama	300
—trescentas pesetas ó mes—	
Manutención	2.100
—setenta pesetas por día—	
TOTAL	27.532
PAGAS EXTRAORDINARIAS	43.880
—dúas pagas a soldo garantizado—	
UN MES VACACIONES	21.940
—paga a soldo garantizado—	

Salario a parte/42 días

(Salario base 10.970)	
Salario garantizado	14.809
—salario base máis un 35%—	
Domingo e festivos	2.742
—cincuenta por cento salario base—	
Roupa de traballo	450
—quinze pesetas por día—	
Servicio de cama	300
—trescentas pesetas ó mes—	
Manutención	2.100
—setenta pesetas por día—	
TOTAL	20.401
PAGAS EXTRAORDINARIAS	29.618
—dúas pagas a soldo garantizado—	
MES DE VACACIONES	14.809
—segundo soldo garantizado—	

FUNETE: «Xarda», revista do Apostolado de Mar. A Coruña.

«Mira, meu home, todo o que nós pedimos é tan primario, tan elemental que morderíamos croios de gusto con sóio que se cumprise a nova ordenanza laboral, que é unha lei feita polos patróns verticalistas e sen contar pra nada cos mariñeiros».

Peirao da Coruña

Unha lei que é demasiado

Diante da crise pesqueira que chegou da man das 200 millas, as empresas da pesca de arrastre, pra mante-la súa economía, traballan en dous campos. Un é pra fora: mediante acordos políticos, trátase de prorrogar os contratos de pesca no Grand Sole. O outro obxectivo queda na casa, é máis noso: trátase de reducir os custos da produción a conta de cambiarlo sistema de retribución de salario fixo por un sistema de «salario á parte».

Prós mariñeiros do porto de A Coruña, este nadal veu máis frío ca nunca na vida. «Pescanova» levaba pró banco sahariano uns 40 barcos con base na cidade, co que a alternativa era rotunda: paro ou emigración. A ordenanza laboral de Setembro, con puntos escuros e moitas ambigüedades, puña un pouco máis de neve nos pés dos mariñeiros. A decisión, contra da ordenanza que eles mesmos fixeran, dos patróns de facer liquidacións «a parte», sen a obrigada consulta cos traballadores viña a poñela gasoliña que fallaba pra que todo se quentase a cen por hora. «Estariamos dispostos tódolos traballadores da mar, no caso de que non se tomen medidas urxentes pra solucionar este problema, a irmos a un paro total da flota, buscando o apoio en tódalas empresas que dependen da nosa flota pesqueira», decían nunha carta á Delegación de Traballo, falando do «salario a parte».

ASAMBLEA E CAIXA

Logo dalgunhas xuntanzas previas, o día 23 de Decembro 200 mariñeiros, reunidos pra estudar a nova ordenanza laboral dos arrastres, decidían non aceptalas propostas dos armadores de cobrar «a parte». O día 29 —son xa 400 os mariñeiros reunidos— pra terminar e levar adiante unha loita que botan contas, non será moco de pavo, deciden a creación dunha Asemblea de Mariñeiros, organismo suprapartidario, como órgano de poder obreiro e pra dirección da loita. Pra facer fronte ós atrancos que se pensa irán saíndo na defensa dos seus obxectivos, decídese a creación dunha Caixa de Resistencia.

O PROBLEMA BASE

Nestas asambleas, dun xeito xeralizado, os mariñeiros deciden non entrar pola oferta dos patróns de «salario a parte». Preferiron un salario fixo elevado cunha participación menor nas capturas, ca unha participación meirande no peixe a conta dun salario fixo menor (a metade xusto do salario fixo mensual). Os mariñeiros non queren «a parte» porque ó depende-las súas ganancias da pesca, o único que esto provocaría sería o «destajismo»; posibilidade prós patróns de facer-lo mesmo traballo con menos homes, co que as plantillas reduciríanse e o paro aínda sería moito maior; por enriba de botarlle unha man ós patróns, o «destajismo» fomenta a competitividade entre os traballadores, evitando a súa unidade. Outra das cousas que os mariñeiros denunciaron do «salario a parte» é que ó ter un soldo fixo moi cativo a cotización a S. S. sería máis pequena, co que o soldo do paro e as pensións serían máis pequenas; tamén serían máis cativas as pagas extras e as pagas polas vacacións. Outra cousa máis: co «salario a parte» non se cobraría por mes, senón cada dúas mareas, 42 días.

UNHA LEI RARA

Disparados xa pedindo cousas e sentíndose fortes coa súa Asamblea e a súa Caixa de Resistencia, os traballadores meteron o dente nas condicións de traballo nos barcos: millores condicións de seguridade e hixiene; que a comida, sa e abundante, teña un presuposto mínimo de 150 pesetas diarias e que sexa pagado polo patrón; xeiras non por enriba das 12 horas de traballo; as horas extras que se paguen a 226,6 pesetas e abolición da lei penal e disciplinaria. Esta lei entra en constante conflito coa nova ordenanza laboral. Segundo a ordenanza, ningún barco amarrado no porto pode facerse o mar en domingo. Segundo a lei disciplinaria esta negativa, chamada «sedición de buque», castígame con 500 pesetas de multa e dez días de retención da libreta.

GALIZA PRECISA XENTE PREPARADA PRO SEU DESEÑO RACIONAL

DANIEL CASTELAO
CENTRO DE FORMACION PROFESIONAL
(Aprob. OO.MM. 29-3-76 e 30-6-76)
VIGO

Prepara os xovenes galegos pra exercer unha profesión

* FORMACION PROFESIONAL

- Nas polas de:
- Administrativa
 - Química
 - Delineación

- * GABINETE PSICOPEDAGOGICO
- * PEDAGOXIA ABERTA

* CURSOS ESPECIALES

- * GRADUADO ESCOLAR
- * BANCA (Administrativo diplomado)
- * OPOSICIONS
- * AULAS PRATICAS PRA CADA POLA
- * PROFESORADO ESPECIALIZADO

Información e matrícula en:
JOSE ANTONIO, 91-entslo.
Telfs. 412311 - 412511

«O que Galicia necesita é saúde, mentres que os hospitais o único que fan é restablecer a saúde cando está perdida». Estas verbas dun médico galego a TEIMA sintetizan moi ben moitas outras opinións: a solución do problema sanitario será paralela á solución dos graves problemas socio-económicos. Un organismo centralizado, dirixido dende outra realidade moi distinta á galega, ten que atender a saúde de cáseque o 90 por 100 da poboación.

Un primeiro dato que mostra a insuficiencia de medios é que, pra esta proporción da poboación, a Seguridade Social sóo conta, aproximadamente, co 40 por 100 das camas hospitalarias. O resto teñen que ser concertadas con clínicas privadas ou con hospitais provinciais. Os «conciertos» non sóo se dan no caso das camas senón en tódolos aspectos da asistencia. No Instituto Social da Marina —organismo especial pra atención dos traballadores do mar— os «conciertos» representan a metade dos servizos sanitarios.

INSUFICIENCIA DE MEDIOS

Os datos oficiais están dados segundo as provincias, polo que non son idóneos pró coñecimento real da sanidade galega, xa que, como veremos, un dos principais problemas da Seguridade Social é a concentración dos servizos nas grandes formacións urbanas e o alonxamento das zonas máis subdesenvoladas e con peores condicións de vida. A Coruña conta con dúas residencias que dependan directamente da S.S., 1.227 camas hospitalarias e oito ambulatorios. Lugo, unha residencia, 483 camas. Ourense, unha residencia e outra con apenas incidencia —a do «18 de Julio»—, 353 camas hospitalarias. Pontevedra, dúas residencias, 960 camas hospitalarias e cinco ambulatorios. Estas cifras están referidas a 1974, e non variaron apenas segundo os especialistas consultados.

O persoal dependente, tanto de residencias como ambulatorios, é o seguinte: A Coruña, 817 médicos, dos cales 280 son médicos xerales, 468 especialistas e o resto internos ou residentes (M.I.R.); Lugo, 230 médicos en total, (109 xerales, 118 especialistas); Ourense, 285 médicos xerales, 126 especialistas; Pontevedra, 600 médicos (212 xerales, 368 especialistas e o resto son M.I.R.). Outro persoal sanitario é o seguinte: en Coruña, 928, entre

practicantes, ATS masculinos e femininos, matronas e auxiliares de clínica; en Ourense, 254; en Lugo, 292; en Pontevedra, 830.

En Galicia, en xeral —é dicir, tendo en conta todo o equipamento sanitario e non sóo a S.S.—, o índice de médicos está en un por cada 1.070 habitantes, agravado no caso de Lugo onde hai un médico por cada 1.270 habitantes. A proporción de Madrid é de un por 400, e en Catalunya de un por 600. Outras cifras que poden dar idea da deficiente situación sanitaria son as de mortalidade infantil (ano 1972): 31,6 por 1.000 en Galicia (caso máis grave en Lugo, onde se da un 40 por 1.000), mentres que a media en Catalunya era dun 17,4 por 1.000.

A persistencia dalgunhas enfermidades —como meninxitis, raquitismo, reumatismo, etc.— sóo se esplica nunha situación «terceiro-mundista». «E necesario —decía a TEIMA o médico Francisco Xavier Yuste— da-la volta ó plantexamento da sanidade en Galicia: ademais de atender a enfermidade, crear condicións de saúde».

TAMEN CENTRALISMO

O centralismo, o funcionamento burocrático e xerarquizado en que está baseada a Seguridade Social está reflexado na propia estrutura dos servizos: ademais de ser totalmente insuficientes, os ambulatorios están concentrados nas cidades (na Coruña-provincia, hai tres ambulatorios en Coruña-cidade, dous en Ferrol-cidade, un en Betanzos e un «e medio» en Santiago-cidade) en Pontevedra-provincia, hai tres en Vigo-cidade, un en Pontevedra-cidade e outro na Estrada). E dentro das propias cidades dase unha concentración en certas zonas, e a meirande parte dos barrios están desasistidos.

Cada ano a Seguridade Social Española (S.S.E.) pecha o seu balance con superavits. «A capacidade financeira respecto á creación de novos centros sanitarios —escribiu recentemente Joaquim Verges— e pois considerable, dados os enormes recursos que a S.S.E. xa posée e que non están destinados a ese fin».

Namentres tanto, Galicia sofre a doenza dunha sanidade coxa, enferma. Este informe sobor da actuación da Seguridade Social no noso país, foi coordinado por M. Rivas.

Sanidade «Terceiro - mundista»

(Nin) seguridade, (nin) social



POUCAS CAMAS NO «SEGURO»

Estes feitos dan pé a unha das primeiras reivindicacións que en materia de sanidade se teñen feito en Galicia: é necesaria unha asistencia primaria, unha atención por bisbarras: crear nestas bisbarras «centros de saúde» que é algo máis amplo que os ambulatorios ou mesmo os hospitais. As inversións da Seguridade Social, tense dito, teñen que fortalecer a asistencia primaria e os centros comarcais. «Dentro dos médicos —nos decía outro médico— escomenzan a ter forza estos plantexamentos, e moito máis en Galicia. Calquera persoa que estudie esta realidade os comprende. E novo o plantexamento pro non chocante. Non son ideas orixinaís. Os planificadores da Organización Mundial da Saude pensan deste xeito. Son plantexamentos xustos: preventivos dende uns supostos de xusticia».

Unha explicación concreta do concepto «asistencia primaria» podería ser: fortalecemento de todo aquilo que necesita o home no séu lugar, como saneamento, prevención das enfermidades infecciosas, educación sanitaria, atención á muller embarazada, a infancia e ós ve-

llos; tamén, potenciación dos sectores productivos que fomenten a saúde, por exemplo, a política de vivendas, educación, desenrolo comunitario, etc.

Pro, o que é certo é que hoxe, nos poucos ambulatorios galegos, os pacientes teñen que facer cáseque sempre longas «colas» pra poder ser mirados uns minutos por un número de médicos insuficientes. En vilas obreiras como Pontes non hai máis que tres médicos e dende a mañán cedo as filas chegan á rua. Non é a primeira vez que hai que recurrir a recomendacións pra ser «chequeados» con tranquilidade. Bisbarras enteiras se teñen manifestado —na rua ou por escritos— pra conquistar ambulatorios ou, canto menos, unha ambulancia. Son esas mesmas bisbarras que están asistidas por uns poucos médicos rurais, nas que é necesario levar ós enfermos graves ou ós accidentados moitos kilómetros por carreteras en malas condicións pra chegar a unha clínica. Os casos do Caurel, de Cee, de Viveiro... aínda están moi perto. Os mortos na construción da Central Térmica das Pontes, tamén.

DOUS «TABUES»

Se hai dous servicios alleos á Seguridade Social, estes son os de **Psiquiatría e Enfermedades Crónicas**. Tanto a atención das enfermidades mentais como das crónicas non lle é rentable, e cando se atenden faise moitas veces dun xeito anacrónico, recurrido, no eido da psiquiatría, ós vellos manicomios, rexeitados hoxe pola maior parte dos especialistas.

A cantidade de xente que malatenden os ambulatorios — moitos dos pacientes teñen que perder un día pra trasladarse á cidade —, a falla de atención por doenzas concretas, ó único que levan é a revalorización da medicina privada. Dase a circunstancia moi frecuentemente de que os pacientes, despois de ir ó «seguro», van confirmar o diagnóstico a un médico privado.

MÉDICOS: VIEIROS E POSTURAS

Ese «gran patrón» — como lle chaman moitos médicos á Seguridade Social — ten tres xeitos pra contratar ós seus asalariados:

— Médicos do Estado. A.P.D., que teñen dereito a atender un cupo do seguro.

— Por oposición.

— Médicos das residencias da S.S. por concurso de méritos, os chamados «médicos xerarquizados».

Dentro destes médicos, como dentro dos profesionais da medicina en xeral, se sinalan tres posturas principais que poderían resumirse do seguinte xeito: os chamados «médicos xóvenes», cunha maioría pola socialización da medicina; os que xa veñen mantendo esta postura dende que escomenzaron a exercer a profesión; e os defenden aínda o «liberalismo médico», no senso da medicina privada que en Galicia ten aínda moita forza.

En canto ó sueldo, os médicos rurais teñen a retribución polo Estado como médicos de A.P.D. e o I.N.P. paga por cartilla, sendo a media dunhas 100.000 pesetas; a media de sueldo nas cidades é dunhas 60.000 pesetas (aínda que normalmente exercen tamén a medicina privada).

OS PROBLEMAS DOS RURAIS

Son as bisbarras sin grandes núcleos urbanos as peor atendidas. Son tamén os médicos das zonas rurais os que máis dificultades

teñen pra exercer a súa laboura: escasez de medios, falla de comunicacións, aillamento persoal. E o máis importante: non se poderá potenciar o equipamento sanitario, non se poderá dar unha solución á problemática da sanidade no agro sin reforzar a figura do médico rural. No que tamén se insiste é que o médico non ten porque ser a primeira e única figura, senón que o papel ideal sería de coordinador, contando prá súa laboura coa axuda de persoal que podería ir dos practicantes até os mesmos curandeiros, coñecedores do que hoxe se chama «medicina popular».

A INSEGURIDADE DO MAR

Si difícil é a situación no agro — onde ademais os labregos teñen que pagar unhas cuotas que nun artigo adxunto se demostra que veñen a ser uns trabucos mais — as estruturas sanitarias nas costas de Galicia son moi semellantes. O que o centro do Instituto Social da Marina está situado en Lugo-cidade, a moitos kilómetros dos principais portos pesqueiros, como Foz, Burela Cillero, ou Ribadeo, é unha mostra da irracionalidade con que está plantexado o servizo.

A complexidade do propio sector — é moi distinta a pesca de baixura ca arrastreira — necesitaba tamén dunha especialización na asistencia. Polo demáis, as condicións de traballo dos mariñeiros e o nivel dos servicios sanitarios requiren algo máis que unha pequena ollada.

¿QUEN PAGA A S.S.?

O tema das cuotas da Seguridade Social en Galicia é suficientemente grave e por eso é tratado nun artigo concreto. Pro tamén no caso dos obreiros industriais hai moito «bacalao» que cortar. En cifras oficiais, un 15 por 100, aproximadamente, das cotizacións totais é deducible do salario do traballador e o 85 por 100 restante corre financieramente a cárrego da empresa. Pro, ¿é o mesmo en cifras reais? «A financiación da S.S.E. — escribe Joaquín Verges no libro «La Seguridad Social española y sus cuentas» — está baseada en «cotizacións» sociais que, si ben formalmente as pagan entre empresas e traballadores, de feito recaen sobor dos consumidores e asalariados, é decir, principalmente sobor das clases traballadoras, ben en canto tales, ben en canto consumidores; e a base dunha repercusión regresiva en termos fiscais».

A S.S.A. ¿Un roubo?

Un dos moitos problemas polos que botan chispas os nosos labregos é o das cuotas da Seguridade Social Agraria. Son considerados empresarios e como tales teñen que pagar, e pagar máis que noutras zonas onde efectivamente hai empresarios do agro. As organizacións sindicais que traballan no agro — Comisións Campesiñas, Comisións Labregas-Fouce e Comisiós Labregas-Terra e a Asociación Agraria Galega — téñense pronunciado innumerables veces pola abolición inmediata da cuota Empresarial da Seguridade Social Agraria. Hai que lembrar a resistencia activa de moitas bisbarras, negándose a pagar tal cuota e tamén os embargos sufridos por moitas familias por non ter medios pra pagar este «trabuco» disfrazado.

Do voceiro número tres de Comisiós Labregas-Terra recollimos unha «táboa comparativa» das «xornadas teóricas» por hectárea de superficie que lle corresponde pagar a unha provincia de Castela e a unha de Galicia, que reproducimos polo seu interés:


CASTELA	
Labradio con regadio	42,27 Xornadas/Ha.
Labradio secano, única clase	5,96 Xornadas/Ha.
Pradera secano	7,65 Xornadas/Ha.
 GALICIA	
Prado regadio	100 Xornadas/Ha.
Secano oscila en tres clases de	85-60 Xornadas/Ha.
Pradera secano	60 Xornadas/Ha.

A Cuota Empresarial da S.S.A. (a que se paga na contribución) obtéñese de multiplicar o Módulo anual polas Xornadas Teóricas e o Módulo é de 32 pesetas por Xornada pra todo o Estado español.



BLANCO

A PACIENCIA DOS PACIENTES



O mero feito da existencia dun réxime especial de Seguridade Social pró campo xa de seu é unha inxusticia, se temos en conta, amáis, e este é o tema do artigo, que a especialidade perxudica ó especializado. A discriminación na prestación que reciben os labregos en comparanza coas que perciben os obreiros, sen que esta sexa unha gran cousa, é claramente perxudicial pró labrego.

En defensa desta discriminación danse argumentos tais como o feito de que no campo prodúcense unha serie de peculiaridades que aconsellan darlle un contido xurídico distinto.

S.S. PRAS CIDADES

Nembargantes, as razóns parecen outras: Hai que ter en conta que a Seguridade Social xurdiu da revolución industrial e pra permitirla reprodución da forza de traballo sendo aínda no intre presente unha institución do mundo industrializado.

Pro cecáis o factor determinante da súa situación discriminatória haxa que buscalo na permanencia dunha agricultura tradicional, de ahí que, a medida que se van introducindo no agro relacións claramente capitalistas, asístase a unha millora deste réxime. A dinámica capitalista bota á xente fóra do campo, pro chega un intre no que é preciso manter un mínimo de forza de traballo no agro, e daquela hai que asegurarlle a súa subsistencia e ir «millorando» as condicións.

Neste réxime especial, encádranse dous tipos de traballadores:

- Traballadores por conta allea
- Traballadores por conta propia, titulares de pequenas explotacións, que é a quen nos imos a referir, xa que en Galicia a maior parte dos labregos pertencen a este sector.

Se entramos xa no esame pormenorizado das prestacións concedidas ós traballadores por conta propia, e as relacionamos como nun

principio decíamos, coas concedidas no réxime xeral, observamos:

—Que a partir da entrada en vigor da «Lei de Perfeccionamento da Seguridade Social Agraria», de maio de 1975, houbo unha serie de prestacións que foron igualadas ás do réxime xeral. Tal é o caso de:

—PENSION DE VIUDEDADE E ORFANADE.

—ASISTENCIA SANITARIA

Nembargantes, polo tocante á primeira distas, e dado que as leis non teñen carácter retroactivo, non afecta ás viudas que non tiveran cumpridos os 50 anos ó momento da morte do seu home. E polo tocante á segunda, a equiparación é exclusivamente de tipo xurídico, posto que de todo o mundo é coñecido que a infraestrutura sanitaria do Estado español, amáis de moi deficiente, está pensada prá cidade, esistindo por esto unha asistencia sanitaria moito máis problemática e a todas luces inferior no campo.

DISCRIMINACION FARMACEUTICA

En outras prestacións, se ben se produciron milloras, estas non foron dabondo como pra chegar á equiparación coas do réxime xeral. Por exemplo, a PRESTACION FARMACEUTICA, onde os labregos están a pagar o 50 por 100 das mencións, mentres no réxime xeral non se chega nin ó 10 por 100.

Dentro do apartado da INVALIDEZ PERMANENTE, destácase por unha banda, a negativa á concesión da *incapacidade permanente total cualificada*, consistente nun incremento do 20 por 100 sobor da prestación por *incapacidade permanente total*, é decir, sobor do 55 por 100 da base reguladora, concretándose por esto a pensión nun 75 por 100 da base reguladora. Resulta increíbel que o traballador por conta propia non poida disfrutar deste incremento, se vemos cais son os requisitos esixidos pra súa concesión: ser maior de 55 anos;

As cuotas da Seguridade Social Agraria veñen sendo un dos principais problemas inmediatos que teñen plantexados os labregos galegos. Os abogados Carlos Cerviño e Enrique Aller prepararon pra este informe de TEIMA unha análise en profundidade desta cuestión tan debatida no agro.

A cuota agraria: ¿Seguridade Social ou novo imposto?

ter falla de preparación intelectual; que se presuma a dificultade de atopar traballo na zona.

Así mesmo, dentro deste apartado da *invalidez permanente*, e facendo referencia ás derivadas de *accidente de traballo*, resalta a distinta dificultade entre un réxime e outro pra conquistar tanto a declaración de *accidente in itinere* (o accidente ocorrido cando se vai pro traballo ou vólvese del), como a mesma de accidente de traballo, que en principio sóio se considera aquel que ocorre na leira da que ún é titular, ignorándose con elo fórmulas moi estendidas no campo de axuda entre úns e outros veciños.

Na PENSION DE XUBILACION, se ben se esixen os mesmos requisitos que pró réxime xeral, a cuantía da pensión é sensibelmente inferior.

DIFERENCIAS, NAS PENSIONS

Común a todas estas prestacións ditas (salvo a Farmacéutica e Asistencia Sanitaria) son as importantes diferencias económicas que se están a dar nas pensións concedidas nun e outro réxime, sendo unha mostra do dito as pensións mínimas garantizadas polo Goberno no abril do ano pasado, onde garantiza, por exemplo, un mínimo de 7.000 pesetas prá xubilación no réxime xeral e 4.800 neste réxime especial, o que representa unha diferenza de 2.200 pesetas mes.

Por outra banda, siquense sen conceder dúas prestacións de gran importancia como son:

—INCAPACIDADE LABORAL TRANSITORIA E INVALIDEZ PROVISIONAL

—DESEMPREGO

A Orde Ministerial do 6 de Novembro do ano pasado que fala da concesión desta prestación, o que realmente está concedendo son axudas comunitarias de vez en cando.

Pra ter dereito a todas estas prestacións o labrego ten que pagar-la chamada *cuota da seguridade social (millor coñecida polo cupón, censo ou selos)*, que se calcula en función do salario mínimo interprofesional fixado polo Goberno. Este salario mínimo multiplícase por un coeficiente e de ahí resulta a cantidade que mensualmente teñen que pagar, aproximándose na actualidade ás 1.000 pesetas. Cuota que pagan por ser considerados traballadores. Nembargantes teñen que pagar aínda a chamada cuota empresarial, e esta non por ser considerados traballadores, senón por consideralos empresarios.

A conclusión clara é que a cuota empresarial é un imposto máis. En definitiva, a **seguridade social agraria**, tal como está plantexada en Galicia, é outra agresión que o campo galego está a sufrir, e implica que se pasou dun esquecemento total do labrego a un ataque claro.



O artigo que reproducimos de Castelao está publicado no libro «Castelao: prosa do exilio». E, por unha banda, mostra da súa preocupación polos problemas dun sector tan importante das nosas clases populares, os labregos, e tamén unha acertada visión de futuro naquel novembro de 1943. Pola nosa parte quere ser un homaxe mais.

Un pequeno exemplo

Por CASTELAO

Tense dito que en Hespaña ningún defende o actual concepto civil de propiedade rústica como non teña un intrínseco dereito en defender a renda. Esta afirmación non é aplicable ao noso país, porque os galegos sóo defendemos a posesión da terra como instrumento de traballo, que asegura o pan de cada día, ou como obxecto amoroso de incalculable aprecio. Se topamos como tipo de capitalización o intrínseco legal do diñeiro ao cinco por cento, resulta que a nosa propiedade rústica non é instrumento de renda nin é obxecto de lucro, porque non produz máis do un e medio por cento do seu valor en venda. Falando en termos económicos, o capital que representa calquera leira galega non da nunca un intrínseco remunerador, e, polo tanto, sería inxusto aplicar aos nosos propietarios as medidas legislativas que ben merecen os terratenentes de Castela, Andalucía i Estremadura.

Na Hespaña central e meridional o dereito de propiedade rústica vai xunguido ao celo de lucro, e o seu valor está en relación co seu rendemento —¿a terra produz tanto?, pois entón val canto—. Alí o dereito de propiedade rústica non ofrece como en Galiza os estímulos imponderables da posesión e do amor, que a terra ofrece a que a traballa pra sí ou a quen a estima como compañeira de vida, como berce nativo, como patria sepultura. O feito de que o valor en venda das terras galegas sobrepase con moito ao seu valor en renda, será un motivo de fonda preocupación para que nes governen en Galiza, pois é natural que procuren eliminar as causas aleatorias desa plus valía, dese carácter antieconómico; pero cando a superación de valores se funda en estímulos de tipo moral, en sentimentos de fonda transcendencia, ben merece o respecto dos xuristas, por moi revolucionarios que sexan.

Sabido é que a maior parte das terras hespañolas, aparte de non compriren a súa función social, dan

escaso rendimento ao erario público, cousa que non se pode dicir das terras galegas. Sería lóxico que as terras hespañolas tributaran ao Estado, non polos froitos que producen, senón polos que deben producir, aquilatando o seu valor en potencia. Tamén podía ordearse unha escrupulosa fiscalización, para averiguar o valor das terras e aplicarles o correspondente tributo; pero hoxe por hoxe as xousas valen o que por elas se paga no mercado, e por conseguinte a propiedade rústica debería tributar según o seu valor en venda... Semellante medida trocaríase en arrepiante inxusticia ao ser aplicada no noso país, pois se as terras galegas tributasen polo que por elas se paga non chegarían os froitos que producen para pagar as contribucións.

Non é un segredo a ocultación de valores nas transmisións da propiedade rústica en Galiza, pois alí ninguén se atreve a recibir unha leira titulada no seu verdadeiro valor. Pero esta ocultación non obedece a un convenio ilícito de contribuintes para rúbao ao Estado; obedece a unha necesidade social, a unha defensa orgánica da propiedade, para non tributar máis do debido e *para liberarnos das inxusticias da lei uniforme*. Un casal labrego que dea unha renda de 200 pesetas non se pode valorar oficialmente máis que en 3.700, porque así o seu líquido imponible será de 185 e pagará o que debe pagar; pero é que o seu valor en venda é de 20.000 pesetas, ao inscribilo polo seu verdadeiro valor corresponderíalle un líquido imponible de 1.000, e tería de pagar moito máis de 200 pesetas de contribución; é dicir, moito máis do que a terra produz. *As fincas galegas están, pois, amillaradas con arreglo a xusticia pero fora da lei.*

Pensade no que significa para un país como é o noso, eminentemente agrario, ter o seu réxime vital sempre fora da lei, a fuxir dos códigos...

Pensade...

Unha mañán no ambulatorio

Luns, tres de xaneiro. Consulta de mención xeral no ambulatorio da Seguridade Social dun barrio obreiro de A Coruña, o das Froles. Horario oficial: de 8,30 a 9,30 da mañá. Non está escolleita adrede: tódalas consultas dos ambulatorios (hai tres na cidade) desenvólvense en semellantes circunstancias. A sala

é pequena: ten catro apartados pra outros tantos despachos. A xente agarda en bancos de madeira. Hai calefacción. A xente comenta que hoxe a cola non é moi longa. A entrada, un rapaz vai dando os números. Tratando de recoller minutos e segundos, a cousa foi así:

—8,30. Chega a enfermera.

—9 horas. Chega o médico.

—9 horas, 4 minutos. Entra o primeiro paciente, un home dun 35 anos que sae minuto e medio despóis.

TEMPO DE SAIDA DO PACIENTE

PACIENTE

—9 horas, 7 minutos, 25 segundos	Unha muller (60-65 anos).
—9 » 11 »	Unha muller (60-65 anos).
—9 » 12 » 15 »	Un matrimonio vello.
—9 » 13 » 5 »	Unha moza (20-25 anos).
—9 » 15 » 30 »	Un home (50-55 anos).
—9 » 19 » 20 »	Un matrimonio (50-55 anos).
—9 » 21 » 10 »	Un home (45-50 anos).
—9 » 24 » 20 »	Un mozo (20-25 anos).
—9 » 26 »	Nai con fillo.
—9 » 28 » 20 »	Nai con filla.
—9 » 31 »	Unha muller (50-55 anos).
—9 » 33 » 35 »	Nai con filla.
—9 » 35 » 25 »	Unha muller (50-60 anos).
—9 » 37 »	Nai con filla.
—9 » 38 » 45 »	Unha muller (40-50 anos).
—9 » 39 » 50 »	Nai con fillo.
—9 » 41 » 10 »	Unha muller (40-50 anos)
—9 » 44 » 5 »	Un mozo (20-25 anos).
—9 » 46 »	Unha muller (50-60 anos).
—9 » 47 » 25 »	Unha muller (40-50 anos).
—9 » 49 »	Un rapaz (13-14 anos).
—9 » 50 » 15 »	Un home (40-50 anos).
—9 » 54 » 45 »	Unha moza (20-25 anos).
—9 » 56 »	Un mozo (18-20 anos).
—9 » 58 » 10 »	Unha moza (25-30 anos).

Quedaban tres pacientes dos que non medímolos tempo, pro que foron atendidos no mesmo espazo de tempo, é dicir dous minutos máis ou menos. Repetimos que esta non é unha denuncia concreta: esta mesma situación, estas mesmas colas que se «despachan» en poucos minutos é un problema xeral na Seguridade Social.



O MATRIMONIO ONESIMO, FELICES

«Aquí ninguén durmíu durante varias noites», declarou a TEIMA un labrego da parroquia de Santaballa, favorecido con oitocentas mil pesetas. A alegría desmadrada do primeiro día trocouse moi logo en constante preocupación dos veciños que se viron sen sabe-lo que facer diante do acoso dos empregados da Banca que se votaron coma quen di ó monte. Cóntase que ún do Noroeste e outro da Caixa de Aforros estiveron nun tris de chegar ás mans por cuestión dun suposto cliente. «Non paran de dala tabarra —esplicóu ó noso enviado especial un villalbés—. Denantes ninguén se ocupaba da nosa existencia e agora querenos facer mercar de todo». Por Santaballa andívo de caza un ex-xogador do Deportivo, o famoso Beci, buscando clientes pró Banco de Granada. Dende ó 23 de decembro non hai xeito de mercar un televisor en color en toda a provincia. Lévanse vendidos máis de dez «Mercedes». Unha casa de whisky do caro, o «Chivas», vendéu nun soio día un millón de pesetas. «Esto é o acabouse», díxonos en Lugo o dono dun restaurante de postfín.

DIÑEIRO E EMIGRACION

Analiza-lo feito da lotería en Lugo, dende perspectivas sociolóxicas, sería un traballo que non corresponde ó tempo nin ó lugar. Haberá que facelo, noustante, nalgún intre. Compriría ir vendo o que vai pasar con tantos cartos chegados de repente a unha das provincias máis deprimidas de todo o Estado. As preguntas que fixo esta revista na parroquia rural máis rica hoxe de Galicia, en Santaballa, foron contestadas por varios veciños millonarios decindo que non pensan irse das súas terras. «Esto é o noso, a nosa vida», dixerón. Pro por outra banda xorde a incógnita de qué é o que van face-los seus fillos, moitos deles fóra xa das casas pra traballaren na térmica de As Pontes de García Rodríguez e algúns na central nuclear de Xove.

Santaballa ten certa tradición migratoria. Hai moitos nativos da parroquia nos países de América. De cando en cando veñen con grandes coches que agora han de ter que rivalizar coa fortuna dos que se quedaron na aldea.

PESOS A TRES PESETAS

O cura foi quen escolléu o número que levóu pra esta zona máis de mil trescentos millóns de pesetas. Segundo coida TEIMA, trátase dun home que xa fixera cousas pola parroquia pondo en marcha unha cooperativa local que acadóu novos pulos coa súa iniciativa. E de supoñer que cos novos medios económicos tratará de segui-lo seu labor.

O que pode pasar non se sabe. Vontade de seguir na terra parece que hai, pro non é menos certo que andan polo medio tódolos trebellos imaxinables pra sacarlle-los cartos ós novos millonarios. Hai quen ofrece pesos a tres pesetas a cambio da venda dun piso na praia de Riazor, viaxes tolésimos a non se sabe onde se se colocan as perras en tal banco, misteriosas influencias se tal ou cal. Nunca tal viron os labregos da Chaira.



O VETERINARIO DORADO, OUTRO DOS PREMIADOS

A provincia de Lugo, especialmente a bisbarra de Villalba e máila capital, foron por mor da lotería do Nadal protagonista máximo da actualidade que deparóu o remate do ano. Perto de tres mil millóns de pesetas son cartos dabondo pra arma-la gorda co Gordo.

Da man da lotería

A repentina riqueza dalgúns probes de Lugo

ALGUNHAS REACCIONS PERSOAIS

Na capital, en Lugo, o Gordo armóuna tamén gorda pro nótase menos. «Eu xa sabía que me iba a tocar e agora non me vou desmaiar



O ENTRENADOR E O PRESIDENTE DO C. D. LUGO, O FUTBOL DE SORTE

polos trinta e tres millóns que cobréis», di pintorescamente o capitán Busta, o home que tivo o día de retiro máis afortunado, pois tocóulle o Gordo xustamente o día do seu pase á reserva. O veterinario Enrique Jiménez, un aandaluz afincado en Lugo dende hai vintetrés anos, desminte a noticia de que lle tocaron sesenta e cinco millóns. «Pouco máis de doce», declarou a TEIMA. Conta que a xente parábao pola rúa pra tocarlle a chaqueta, pensando que esto podía dar sorte no sorteo dos Reis.

Houbo quen se desmaióu, coma un señor de Villaba que namáis enterarse foi correndo ó banco e despois de decir; «son millonario, son millonario», caíu redondo. Outro veciño desta vila tivo unha sorte máis condenada. Coas trescentas mil pesetas que lle tocaron foi correndo a Lugo mercar unha moto e, ó voltar, subido dela, sufríu un grave accidente. Abelardo, o garda municipal, xa non dá os bos días cando atopa á xente, senón que di sinxelamente: «tres e medio», a cantidade con que foi premiado en millóns. Pepe, o pataqueiro, iba camiño do Ferrol co seu camión pra vender patacas. Enteróuse nas Pontes de que lle tocara millón e medio. Deu volta e dixo que por él xa podían morrer de fame os ferroláns, que hastra que pasaran as Festas, non vendía máis.

O que é certo é que a Lotería provocóu en Lugo un feito social moi importante. Veu darlle á provincia máis cartos do que as accións do Goberno nos últimos anos.



CAPITAN BUSTA, Sorpresa na jubilación



- NARRACIÓN
- POESÍA
- TEATRO
- ENSAIO
- ECONOMÍA E SOCIOLOXÍA
- HISTORIA
- ARTE
- HUMOR
- VIAXES
- FILOLOXÍA E LINGÜÍSTICA
- MANUÁIS
- MÚSICA
- LITERATURA POPULAR
- LIBROS PRA NENOS
- REVISTA GRIAL...

A CULTURA GALEGA EN LIBROS

EDITORIAL GALAXIA
Reconquista, 1 - VIGO



A PONTE DE RANDE UNE AS DUAS ORELAS
O negocio é o negocio

De A Coruña a Vigo, por carretera, pola estrada xeral, unha das de maior tráfico de España, pódese tardar máis de oito horas (sin esaxeración). Nós temos feito a experiencia; este vai ser un tema pra informar con máis vagar nas páxinas desta revista: as comunicacións en Galicia, reflexo das eivas e atrancos do noso «desenrolo», o eixo Vigo-A Coruña-Ferrol, a marxinación de Lugo, os «accesos» e a «Autopista del Atlántico».

Vigo- A Coruña, 150 Km.

A estrada da vergonza

As obras da «Autopista del atlántico» andan a presa. A Ponte de Rande vai ser un paso importante nas comunicacións Vigo-Pontevedra e, en xeral, en todo o eixo de maior actividade do país galego. Todo vai a presa, con eficacia, porque canto máis axiña rematen as obras máis axiña escomenzarán a entra-los beneficios prá empresa privada que vai explota-lo dereito á comunicación.

Alguén (moi poucos) pode pensar que deste xeito dase un paso adiante máis no noso «progreso». ¿Qué pasa, sin embargo, coa carretera, coa estrada xeral e pública? Son 150 km. de atrancos de Vigo á Coruña. Atrancos en Redondela, no funil de Vilavella (ó que agora, logo dunha chea de tempo e paciencia, parece que lle atoparon a solución dun desvío), atrancos en cada vila que se ten que cruzar porque a estrada pasa por todas (polo medio de Redondela, polo medio de Pontevedra, de Caldas de Reis, de

Padrón, de Ordes, Carral...); atrancos cada vez que un camión faille frente ás curvas do camiño, ás costas; atrancos cada vez que nunha destas vilas hai feira e os paisanos andan polo medio da estrada, as vacas entre os automóvies, os queixos rente das ventanillas; atrancos nos centos de fochancas do chan.

O NEGOCIO E O NEGOCIO

Hai sitios onde o automóvil ten que ir a vinte por hora por causa dos baches e o estado do chan. Noutras partes, as casas dos veciños están tan rente da carretera que é practicamente imposible asomarse ás fiestras do piso baixo sen mirar primeiro se ven un coche, porque lle pode leva-la cabeza (concretamente ó entrar en Padrón). As caravanas son longas, cansas, abafantes... Os camións fixeron grandes fendeduras que xa

ninguén amaña. A entrada á Coruña é unha desgracia. A entrada en Vigo, sin aceras, con moi mala sinalización, ten todo un récord de mortos... ¿Pra qué preocupámonos se xa están a face-la a Autopista?

Naturalmente a Autopista ímo-la pagar todos cada vez que a collamos, e mesmo poidera ser que se a estrada xeral estivera en boas condicións moita xente seguira circundo por ela. «¿Por qué a «Autopista del Atlántico» non se fixo pública, co diñeiro do Estado, que ó cabo é o diñeiro de todos?», esto pregunta un lector de TEIMA nunha carta que nos chegou á revista. E sigue: «Lóxicamente primeiro habería que arranxar e axeitar ás necesidades dese eixo Vigo-A Coruña a estrada xeral, a carretera de uso público. Logo xa sería o da Autopista». A lóxica do noso lector non é, evidentemente, a lóxica dominante de quen está no Poder e ten capacidade pra tomar decisións nestas e noutras cuestións.

XEOGRAFIA CONFLICTIVA

TEIMA prepara un informe sobor das comunicacións en Galicia, concretamente: sobor desa «Autopista del Atlántico» arredor da que unha empresa privada vai facelo seu negocio coa necesidade deste país. E un exemplo máis de cómo andan as cousas. Naturalmente non estamos en contra das obras, senón en contra de cómo se fan e a quén benefician esas obras.

Dende o «scalectrick» vigués (¿quén é realmente o responsábel?) deica a chea de irregularidades e problemas coas espropiações, etc. a «Autopista» ten unha longa e conflictiva xeografía. No funil de Vilavella (en Redondela), se non coñece atallos (ou atallos), pode o automobilista botar hora e media con certa facilidade. Os veciños penduraron pancartas enriba da corredoira conflictiva. O trazado, as curvas, as feiras en Ordes, Carral ou Santiago... son 150 kilómetros de vergonza

IGREXA

Tempos de disfraces

JOSE CHAO REGO

Ninguén, seguramente poderá hoxe dubidar que o bispo de Ourense, monseñor Anxo Temiño Sáiz, é un home dunha peza e dunha coherencia asoballante. Pensa como pensa dende que nacéu. Impresiona que homes coma éste sexan mantidos aínda no poder. Si endexamáis coincidiron co pobo, hoxe tampouco xa co estamento oficial, político e eclesíástico. ¿Qué diferenza hai entre Temiño e Lefebvre? Somentes disciplina, e neste caso hai que salvar o principio de autoridade. Ahí fican os ourensáns apelando dende fai cáseque cinco lustros.

Pois ben, o bispo das Burgas, como bó integrista, é coherente cando fala do marxismo sin saber ren del. Monseñor adeprendeu que o comunismo é «intrínsecamente perverso» e xa non hai maior necesidade de pescudar pra saber que é eso. Compre condenalo, i tal fixo no seu mensaxe de Nadal, o día 24. Pero, ¿condenou o comunismo ou o marxismo? Pra él todo é o mesmo, porque igual fala do marxismo que se bota a falar dos partidos.

En troques, cáseque abenza ós ricos, e o capitalismo soio é malo nos seus abusos. Nesto nada inventa senón que transmite unha doutrina desgraciadamente demasiado oficializada. En definitiva, os capitalistas non teñen os ollos torvos, pronuncian o nome de Deus e dan esmolos aos probes, que os moralistas non lles obrigan máis que a desprenderse do superfluo. Polo demáis, o capitalismo e bó en canto defende a propiedade privada —dí o noso pastor de Burgos falando dende as Burgas— e, por si fora pouco, crea o benestar pra os humildes. Emporiso hai un socialismo paternalista, non marxista, que merece o recoñecimento de monseñor.

LER A CARTILLA

O ataque frontal dirixeo os Cristiáns polo Socialismo (CpS). Hai quen cando se pon a ollar o cooroxo, ponse tamén a turrar cos ollos pechos. Está ben seguro que o devandito bispo non léu ningún documento de CpS (é lóxico, non o necesita porque xa sabe que é raibosamente temporalista e ten o virus

materialista), porque doutro xeito non podería decir que CpS é un marxismo disfrazado. O disfraz existe só cando se pon careta pra ocultar a faciana. Pro os cristiáns polo socialismo sempre se teñen confesado abertamente como marxistas, sin ocultar ren. Non é un marxismo disfrazado como tampouco é un capitalismo disfrazado o do señor bispo. E tremendamente claro. Aínda non chegou o antroido.

Dende Ourense, tais cristiáns do antifaz respóstanlle ao seu bispo léndolle a cartilla porque se pon a vulgar intencións sin coñecelas. Non é estrano o descoñecemento porque o cardeal Tarancón declarou que a información que os bispos españoles teñen con relación ao movemento CpS é insuficiente. ¿Por qué, entón, se arremete arreo contro dun bulto?

Por certo que habería que establecer a relación que poida existir entre a afirmación de que «a Igrexa acepta capitalismo moderados» e o choio dos bens materiais de certas parroquias, chamados «diestrales», que convertidos antano en sociedade anónima, foi disolta polo bispo con permiso de Roma e convertida en sociedade relixioso-económica da que o único empresario ven sendo él.

ANO SANTO TURISTICO

Ningún galego tampouco poderá dubidar da oportunidade turística i económica do ano santo compostelán e no seu tempo o Goberno español otorgou a medalla de ouro do mérito turístico ao cardeal santiaгуés. Emporiso non hai por qué discutir a afirmación do actual arcebispo: «A aportación, si se quer modesta, deste Ano Santo ó benestar material i económico de Galicia, parece indiscutible». ¡Xaora!

Non lle pareza mal ao prelado metropolitán si ousa dubidar doutra cousa pra que non concede a sospeita: «Pra diócese compostelá, non cabe dubidalo en ningún momento, os Anos Santos xacobeos sinifican o acontecemento relixioso máis importante». Nembargantes, o arcebispo está aberto á crítica, porque «tamén é criticable a crítica

que se fixo deste Ano Santo. Non me parece éste o intre».

Pois ben, todo quedaría máis clarexado si se abriera a crítica pública pra verificar si o ano santo é tan universalmente válido e abenzoado entre os creentes. Que eu me lembre, a crítica que no mes de Santiago lle fixo a Coordinadora de Comunidades Cristiás da Coruña ao Ano Santo non era ningunha parvada e aínda non recibiu resposta. Polo que vivo entre o pobo, escoito por tódalas partes os mesmos xuícios. ¿Fállame fe ou sóbrame ouvido?

Eu faría algunhas preguntas inocentes: ¿pódese xustificar, dende o punto de vista relixioso, este asunto que á hora de contabilizalo redúcese a «millons de pelengrinos», dos que dempóis se afirma que viñeron

a Galicia porque paga a pena un turismo barato? ¿E certo que o pobo galego se sinte fortemente atraído polo Apóstol ou é frase que pertence as artes retóricas? ¿Qué é iso da porta santa? ¿Pódese salvar coa mínima dinidade apoloxética todo o asunto máis aló dunha creencia superpiciosa da xentía que sempre vai onde lle prometan algo? ¿Haberá algo máis aló dun «capitalismo moderado»?

Que eu saiba, ó pobo galego tenlle sin especial cuidado o Apóstol e de Santiago impórtalle máis a Universidade pra os seus fillos e os médicos pras suas doencias. Eses son os pelengrinos que fan os galegos. Pro, ¿por qué non se somete a enquisa a devoción xacobeá e a popularidade dun próximo ano santo?

teima

O semanario do Estado Español de maior difusión en Galicia

(Pendente control da O. J. D.)

Pra calquer consulta relacionada coa sua suscripción, cite o número que figura na faixa de envío. Gracias.

Si quiere recibir TEIMA denantes da súa saída ós quioscos remésenos, axeitadamente cuberto, o boletín adxunto.

TEIMA, Rúa do Hórreo, 94
Santiago de Compostela

NOME _____		
DOMICILIO _____		
POBOACION _____		
PROVINCIA _____	PAIS _____	
TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA (Semanal)		
	ANUAL	SEMESTRAL
PENINSULA IBERICA	1.872 Ptas.	936 Ptas.
EUROPA:		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	3.120 Ptas.	1.560 Ptas.
RESTO DO MUNDO		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	4.500 Ptas.	2.250 Ptas.
	<input type="checkbox"/> TALON ADXUNTO N.º _____	
XEITO DE PAGO:	<input type="checkbox"/> XIRO POSTAL N.º _____	
	IMPOSTO EN _____	DATA _____
	<input type="checkbox"/> CONTRA REEMBOLSO	

Lugo

Bimilenario con bombas

X. XIZ

Co 1976 despediuse unha gran efemérides luguesa... Cicáis xa con 1975... Había vinte séculos, había 2.000 anos que un emperador romano (CESAR OCTAVIO AUGUSTO) conquistara tarde, mal e nunca os derradeiros reductos á súa potencia invasora... Había seica, dous mil anos que o MEDULIO sucumbira a forza e persistencia do romano... E o Medulio, o decir de moitos, podería estar en CASTRO DO REI, moi perto de Lugo... Alí —millor dito: e aquí— morrerían os derradeiros «CALLAICOS», perdida toda esperanza; e aquí sucumbiran os derradeiros galegos daquel tempo, nunca conquistados polo romano... E aquí erguérase cara ó ceo o fume de leños e corpos, de xoias e bestas, de roupas e enseres dunhas xentes —os nosos devanceiros— que preferiron morrer denantes que dar ó romano o que deles soíos fora... Hai agora dous mil anos remataba toda unha época... Remataba todo o «pre-romano»... Galicia comenzaba a ser vieiro que tamén a Roma conducía... A romanización veu, e os galegos comenzaron a tentar non ser romanos, e a selo sin desealo.

BIMILENARIO

Mal intre tivo que se-lo MILENARIO da fundación de Lugo pra festexalo. Foron precisos mil anos máis. E anque o tempo non era, precisamente, pra festas, Lugo fes-

texóu o seu Bimilenario, acontecemento que ben poucas cidades poden festexar.

E o seu bimilenario organizouse, como poucas veces se organiza unha cousa nesta gran vila, con tódalas da lei —como di o case refrán—. Con tódalas da lei comezou cando se regramentou a súa celebración e organización. Os decretos de constitución sinalabanlle presidentes de honor e efectivos... E se presidentes de honor —Ministros en activo— tivo varios, non foron detrás os presidentes presidentes —os gobernadores—. Tres houbo no cargo —TRES— durante o bimilenario (BARRERA MASEDA, TRILLO y LOPEZ MANCISIDOR e FERNANDEZ CAMBARRO). Mais pesia todo, o Bimilenario celebróuse «por todo o alto». Claro que tivo un comisario —non lugués, naturalmente— que levóu o peso da cuestión. E digo non lugués, porque se lugués fora non se preocuparía máis polas cousas de Lugo neste Bimilenario.

NOUTRAS CIDADES

Outras cidades do estado celebraron o seu Bimilenario: Zaragoza, Tarragona, entre delas. De Tarragona chégannos noticias. Seica sóio houbo festa un día. E nese día sóio se tiveron en conta as saídas de tono do señor Dalí. Unha festa soada celebróu Tarragona no seu Bimilenario. Lugo celebróu máis dun



O GOBERNADOR CIVIL CLAUSURA
Deica outros dous mil anos...

ano de serias festas, de festas serias conmemorando que a CESAR AUGUSTO lle dera por potencia-la vida dun xa vello burgo que se deixaba ir o carón dun vello río. César Augusto fixo de Lugo unha das súas máis importantes cidades. Había xa dous mil anos. En Zaragoza parece que a cousa foi máis en serio ca en Tarragona. Organismos oficiáis e entidades aportaron millóns e máis millóns. E a forza de dinero fíxose unha celebración honrosa.

En Lugo non houbo sobra de cartos. Algúns ministerios colaboraron, pro tamén orgaismos oficiais e particulares fixeron posíbel esta celebración que quedará marcada como algo de Lugo, algo que Lugo logrou con escasos fondos.

BOMBAS CONTRA DO BIMILENARIO

Dúas bombas foron ameaza contra sendas celebracións do Bimilenario da cidade: dous actos que se celebraron no GRAN TEATRO recibiron outras tantas chamadas ameazando coa colocación dun artefacto no local. Foron, a primeira, nunha das sesións da Semá do Cine. E a derradeira, na sesión de clausura. En ámbalas ocasións comprobóuse que fora unha falsa alarma e que no teatro non eixistía ningunha bomba. Foi, sen dúbida,

obra de bromistas, sexan da tendencia que foran-se é que teñen algunha... que —afortunadamente— non pasóu desto.

Ameazas de calquera lado, claro, xa que na semá de cine a ameaza produxose nunha película «avanzada»... e, na derradeira xornada, nun acto oficial.

Claro que é millor pensar —coitando na saúde mental de quen chamóu— que era sóio unha broma de mal gusto.

A CLAUSURA

Rematóuse, por fin, o Bimilenario, co remate do mes de santos; a xornada de clausura trouxo consigo a inauguración do moimento á romanidade na Praza de Santo Domingo, discutido moimento cunha águia romana nas alturas, á que moitos chaman «pegax», ou simplemente «paxaro». Seica se pensa cambiala por outro exemplar coas as abertas. Coa inauguración da iluminación especial das reconstruídas murallas romanas, cunha monumental sesión de fogos de artificios... e co acto do Gran Teatro, no que faloron Alcalde e Gobernador, conferencióu o Sr. Balil Illana e deu un concerto o quinteto de vento da orquesta da RTVE —concerto interrumpido pola falsa bomba— e, pra remate, o «corto» de «No-Do» sobor do Bimilenario.

2.001: Unha historia do Bimilenario

As resmas de millóns facilitadas polo Ministerio de Información e Turismo (de Madrid, evidentemente) non abondaron pra que a celebración do dous mil cumpleaños da cidade de Lugo se realizara con tempo. Efectivamente, son maioría os historiadores que coinciden na data do 25 antes de Cristo como intre fundacional da Lucus Augusta. Se os números non se trabucan, o bimilenario real da cidade correspondería ó pasado ano de 1975.

Cecáis pra compensar o retraso —e ó mesmo tempo, sorprenden ó personal os membros do patronato corresponde decidiron erixir, no centro esacto de Lugo —a plaza de Santo Domingo— unha moimental pita con aspiracións de águia romana. Amén de recordarlles ós lucenses que o seu pobo cumpría dous mil e un anos, a galiña de marras dou pretesto pró cachondeo xeral.

Polo demáis, foi esta a única vía de participación nos actos que o pobo tivo na má. O resto foron actos oficiáis, banquetes cas autoridades como organizadoras e protagonistas, algún «festival de España», un par de verbenas, e pare vostede de contar.

O pobo —unha vez máis— ficóu o marxe da súa propia historia.



AS MURALLAS, O DIA DA CLAUSURA
Fágase a luz



facemos calqueira impresión
sobor calquer material



somos xente nova
co esperencia longa
por novos, astrevémonos a todo
pola esperencia, sáenos ben

SG SERIGRAFIA GALEGA
Falperra, 31-33 • Telf. 2123 54 • VIGO

PUBLICIDADE
londe

collsa

CONSTRUCTIONS

Sociedade Anónima de Empresas

**PROXECTA
PROMOCIONA
E CONSTRUE**

Fernando III, 2
Apartado 302
Teléfono 59 04 00 (seis liñas)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

A nivel estatal existen duas correntes fundamentais nas comisións obreiras: a maioritaria gobernada principalmente polo Partido Comunista, e a chamada *unitaria* na que traballan o Movemento Comunista, as xentes do Partido Carlista, o Partido Socialista Popular, Liga Comunista Revolucionaria e mesmo amplos sectores independentes, algúns deles de tendencia cristiãna.

As cousas, nembargantes, non son tan fáciles en Galicia. Non se pode falar eiquí de corrente *unitaria*. O Partido Carlista, polo menos oficialmente, non traballa eiquí con Comisións Obreiras; o P.S.P.G. non ten polo de agora unha presenza importante, e L.C.R. parece que tampouco ten claras as súas posicións. Dous grupos levan, pois, a iniciativa do sindicato: fundamentalmente o P.C.G. e máis o M.C.G., xa nun segundo termo.

Entre os dous andarán as diferencias, cara á constitución da Federación Galega de Comisións Obreiras, anque os outros sectores poidan engadirse a uns ou ós outros, segundo se fagan

as cousas e se ofrezan as alter nativas. De calquer xeito, a maioría é do P.C.G.

DUAS CORRENTES DE OPINION

Ainda non hai comisión organizadora nin orden do día previsto (polo menos, non o hai no intre de escribir esta crónica. Pro se ven dúas cuestións básicas a discutir: os estatutos e programa da Federación Galega de C.C.O.O. e o xeito de artellar esa Federación na Confederación do Estado, cuías discusións escomenzarán, caseque seguro, no mes de abril.

Nos proxectos fálase dunha absoluta autonomía das Comisións Obreiras Galegas respecto do Estado, pro haberá que coñecer os puntos concretos que definan e delimiten esa autonomía. Fálase de democracia de base. Haberá que coñecer tamén o funcionamento concreto (e mesmo práctico) desa democracia de base. Esta é unha das acusacións que se fan dende algúns sectores das mesmas C.C.O.O.: que as cousas se van

Comisións Obreiras (C.C.O.O.) prepara xa o seu congreso consituente a nivel galego, logo de celebrar algún provincial e de rama.

O congreso, segundo as nosas noticias, podería celebrarse nos derradeiros días de febreiro ou primeiros de marzo, na bisbarra de Vigo. As dúas correntes de opinión que hoxe existen neste sindicato obreiro traballan nos seus respectivos proxectos

Entre febreiro e marzo

C.C.O.O., congreso nacional galego

cocendo no cumio da pirámide e non chegan a base. «Sería interesante, por exemplo, que houbera xa un proxecto mínimo, un orden do día do que se vai discutir no congreso, pra que se fora discutindo agora nas asembleas de base», din.

Entre trescentos e catrocentos traballadores poderán asistir ó congreso galego. A nivel político, volverán as vellas cuestións que xa sairán na derradeira asemblea de C.C.O.O. celebrada hai uns meses en Lourizán (Pontevedra). Por unha banda, quen

sosteen que C.C.O.O. xa se definiu daquela polo Estatuto de Autonomía de 1936 como resposta política do movemento obreiro á reivindicación nacional galega. Por outra, os que van plantexar de novo o tema: o autogoberno pra Galicia ou, polo menos e como periodo transitorio, un Estatuto, pro axeitado á realidade de hoxe e sobor de todo ás reivindicacións políticas e nacionais da Galicia de 1976. De todo elo falaremos con mais vagar en TEIMA cando sexa noticia.

Un número aínda non determinado —polo menos tres— de disparos de pistola puxeron entre a vida e morte ó xoven compostelán, Alexo Pérez Triviño. Os feitos, sin aclarar polo de agora, ocuriron nunha rúa da Coruña no mencer do Aninovo.

Segundo a versión oficial, recollida por TEIMA na Xefatura Superior de Policía da Coruña, o policía armado, Manuel Barros Brantúas, fora de servico e vestido de paisano no intre de suceder todo, foi o autor dos disparos.

A mesma versión indica que o policía respostou de tal xeito á agresión de que foi obxecto por parte de tres mozos que pasaban pola coruñesa rúa Barcelona, órredor das tres e media da mañán do día un.

Sempre segundo a mesma fonte oficial, diante das disparar, o causante das graves feridas recibidas por Pérez Triviño, identificouse coma policía. O servico de garda da Cidade Sanitaria «Juan Canalejo» atendeu raídamente ó ferido que presentaba nada menos que un orificio de entrada e saída de bala no

A Coruña:

Sangue na noite vella

estómago, outros dous orificios mais no intestino delgado, estalamiento do fígado, rotura da vesícula biliar, igual lesión no bazo e unha forte hemorragia pulmonar por ferida tamén de bala. Todo esto, complicado de por riba cun padecemento pulmonar que o ferido sofre dende hai algún tempo.

OUTRA VERSION

A nosa revista poido falar con algúns dos protagonistas do suceso. Pra eles, Alexo e mailo seu irmán Miguel e o seu amigo Antonio Tojo camiñaban pola acera da citada rúa. Alexo iba detrás. De súpeto, os outros dous escoitaron cómo discutía o seu acompañante cun grupo de seis persoas —ó parecer, seis parellas— que se dispoñían a arrancar en dous coches. Antonio e Miguel deron a volta. E, case sen mediar palabra, atopáronse pelexando co grupo dos coches.

Pasou todo coma un lóstrego. Alexo caeu ó chan. Os seus amigos viron a un dos contrarios apuntando, moi de cerca, cunha pistola despois de escoitar as detocións. Antonio Tojo berrou pegado á parede e coas mans erguidas: «Non disparen, nons disparen». O peor xa acontecera. A Tojo faltoulle o tempo pra berrar desesperado que viñera unha ambulancia.

Camiño do hospital —no coche do propio autor dos disparos—, un dos tres rapaces enterouse, segundo esta versión recollida por TEIMA, de quen era o da pistola. «Meu irmán —díxolle unha rapaza do grupo— pode utilizar pistola, porque é policía».

ESTADO CRITICO E DETENCIONS

Logo, todo transcurriu dentro do hospital. Foron necesarias transfusións iniciáis de sete li-

tros de sangue e unha minuciosa intervención quirúrxica. Os amigos do ferido presentáronse voluntariamente pra dona-lo plasma.

Nas primeiras horas do domingo foron detidos Antonio Tojo e Miguel Pérez, que posteriormente pasaron a disposición do Xuzgado Militar e, un día despois, quedaron en liberdade.

Redactores desta revista comprobaron cómo en Santiago foron repartidas octavillas e apareceu algunha pintada aludindo ó feito. TEIMA tratou de ampliala información oficial e contestóuselle, dende a Xefatura Superior de Policía, que a versión exacta corresponde ó que se publicou nos xornais coruñeses do día 2 de xaneiro. «Non temos mais que engadir polo de agora», dixeron.

No intre de rematar esta información, o estado do ferido é, segundo portavoces médicos da «Juan Canalejo», moi grave.

Xosé Neira Vilas pasou perto dun mes na súa terra natal de Gres, no Val do Ulla. Veu, por segunda vez, despóis dunha longa ausencia de case tres décadas, acompañado pola súa muller. TEIMA estivo con el na casa da súa nai. PERFECTO CONDE falou co escritor galego da emigración.

Neira Vilas, un galego en Cuba

«Poido decir que vivín e vivo sempre en Galicia»

Vinteseite anos fóra da terra. «Fuxín, como fuxían tantos, da escasa mantenza, da lama dos camiños, do horizonte bretemoso e pechado que me atafegaba (dito sexa todo en sentido moi real e figurado ó mesmo tempo). Fuxía tamén da imposibilidade de informarme, de acadar unha formación cultural da que intuía as posibilidades». Xosé Neira Vilas, corenta e pico anos, emigrante, escritor, figura clave da cultura galega de hoxe, afincado en Cuba e na súa revolución. Casado coa escritora cubana Anísia Miranda.

Neira Vilas (o das Memorias dun neno labrego, Xente no rodicio, Camiño bretemoso, A muller de ferro, Historias de emigrantes, Cartas a Lelo, Remuíño de sombras, Espantallo amigo, O cabaliño de buxo, A marela taravela, Dende lonxe, Inquedo latexar e Cantares e contos prá xente miuda) naceu o 3 de Novembro do 1928 na aldea de

parentes. Eu percuraba un mínimo ámbito prás miñas inqedanzas, un vivir sin fames do corpo que, ó mesmo tempo, me permitise estudar, ter acceso ás sabencias do mundo, dispoñer de mestres e libros e poder pagalos. Eu era un mozote labrego con algúns coñecementos accesorios, con algunhas cativas experiencias que xa na aldea natal desbordaban a rotineira de cada día, e teimaba levar adiante os meus soños e aspiracións. Somentemente o çamiño da emigración me ofrecía algunhas posibilidades».

TOMAR CONCIENCIA

Na capital arxentina coñece, o 2 de xullo de 1954, a Anísia Miranda. Ambolos dous estudiaban periodismo e traballaban no que podían. Casa con ela o 21 de febreiro de 1957. Denantes, Neira Vilas fora cofundador de Mocidades Galeguistas (grupo de mozos galegos

«Evidénciase a necesidade dun cambio radical de estruturas»

Gres, Cruces (Pontevedra). O 16 de xaneiro de 1949 saíu de Galicia. Tres días despóis tomou rumbo a América no vapor «Cabo de Buena Esperanza», dende o porto de Cádiz. O 10 de febreiro do mesmo ano chegou a Buenos Aires.

OS HORIZONTES DA EMIGRACION

«Pra min, o ter que emigrar de mozo significou no orde vital a procura doutros rumbos pra mellorar de existencia. Tentéi instalarme nunha cidade galega, alá polo ano corenta e pico, e non poido ser; non atopéi traballo. E collín o vieiro mallado da emigración. Mal sería que na América... Nunca me propuxera ser rico, nin moito menos, anque formaba parte da chamada «emigración económica» que presupon esforzos e privacións de cara a un xuntaxunta de diñeiro, en veces por simple vanidade entre os veciños e

emigrantes e mozos arxentinos fillos de galegos), que se creou o 28 de agosto de 1953 e do que o escritor de Gres foi secretario xeral. Interveu activamente no I Congreso da Emigración Galega a América que se celebróu co gallo de se conmemora-lo centenario do histórico Banquete de Conxo. Coa colaboración da súa muller, fundou a organización Follas Novas o 15 de xullo do 1957, con vistas a difundir o libro galego na América. O 30 de xuño do 1961 deixa a Arxentina pra trasladarse á terra da súa compañeira. Chegan a A Habana o 2 de xullo.

«No meu quefacer literario —di o Neira lembrando as súas primeiras páxinas publicadas en galego no periódico Adiante, editado en Buenos Aires, do que él era redactor— o terme ido significou, en primeiro lugar, tomar conciencia dos problemas do meu país; reflexionar sobor das motivacións do meu des-



P. CONDE

«ATOPEI TODO COMA SEMPRE»

prazamento (e do de tantos outros paisanos); adquerir unhos coñecementos que me foron instrumentando, que lle foron dando contido á miña vida; tomar en serio unha vocación (a de escribir que me aburaba dende que era neno; e decidir, crara e rotundamente, que a lingua esencial (por non decir a única) deste meu labor sería o galego, e o ouxeto básico temático, Galicia e os seus».

En Cuba desempeña Neira Vilas diversos cargos oficiáis. Fai periodismo literario, escribe e publica narracións pra nenos, recibe leccións de Literatura na Universidade de A Habana e mantén vivas as súas lembranzas galegas.

A VOLTA, AS COUSAS

«Da miña infancia e mocidade na comarca natal recordo todo. Todo se acha tan dentro de min que, ó voltar en 1972 despóis de vintetrés anos de ausencia, e agora por segunda vez, fago un inventario comparado e pergunto por arbres e xentes, casas e roleiros, camiños, ouxetos queridos, costumes, ditos populares. Recordo os días de caldo e broa sin compango, as molladuras no monte e nos agros, a probe escola (á que chegaba logo de horas de restreba ou carrexo de móllos ou rozadas de molime) con catecismo de rotineira, xénesis e alcumes de reis e nomes repetidos de lagos, ríos e montañas que non sabía polo dereito pra que banda quedaban. Todo buliga en min nidiamente. Todo latexa no meu ser, no meu esprito, con mágoa e con amor».

A ESTANCIA EN BUENOS AIRES

No meu esprito latexa tamén a estadía arxentina. O paso de varios anos pola Arxentina incidíu, en primeiro lugar, na miña persoalidade a secas. Buenos Aires é a miña primeira cidade de residencia permanente. E, ademáis, unha cidade importante no orde cultural. Alí cheguéi con vinte anos cumpridos. Nela estudéi, adquerín unha visión do mundo e da Historia e do ir e vir das ideas. Paralelamente, vivín en contacto cos demáis emigrantes galegos (daquela había na capital arxentina unhos catrocentos mil). Coincidín, nos primeiros meses, coa presenza de Castelao, anque non cheguéi a tratalo. O maxisterio del percibíase na maioría das sociedades galegas. A laboura cultural da colectividade galega enrique-



P. CONDE

«ESCRIBIR PROS NENOS»

ciase coa chegada, anos antes, dos refuxiados da guerra civil sendo a figura máis dinámica Luis Seoane. Intelectuáis alí radicados, e en boa parte formados, coma Eduardo Blanco Amor, Emilio Pita e outros, uniron as súas inqedanzas ás dos refuxiados (Seoane, Arturo Cuadrado, Lorenzo Varela, Xosé Núñez Búa, Ramón de Valenzuela e algúns máis) e o tráfego cultural de cara a Galicia acadou un nivel significativo espresado en edicións de libros, concursos literarios e musicáis, exposicións de artes plásticas, clases de lingua, historia e xeografía galegas, etc. Incorporéime de cheo a este quefacer na medida das miñas posibilidades e todo isto, tendo a Galicia como norde, foi sedimentando a miña vocación literaria que chegaría ó libro en 1960, dempóis de longo e entrañable exercicio nas revistas e xornáis da colectividade galega».

O TRABALLO NA HABANA

O 15 de Nadal do 1969, Neira creou a Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística da Academia de Ciencias de Cuba. Dende entón, dirixe as súas actividades e ten ó seu cargo a investigación da presenza dos emigrantes galegos na Illa. Unha emigración abondosa e notoria que comenzou masivamente arredor do ano 1870 e finíu polo 1930. As institucións galegas en Cuba, a prensa, a laboura cultural diversa destes emigrantes cos seus feitos relevantes cara á Galicia territorial (voces galegas insertas na fala de Cuba, influencias mutuas, actuación en Cuba de persoalidades da nosa cultura coma Curros, Cabanillas, Villar Ponte, etc.) están sendo estudadas pola Sección que dirixe Neira Vilas, que

ten hoxe unha importante biblioteca e está a facer agora mesmo o índice das revistas galegas do século XIX.

Todo isto non impide, e aínda favorece, o que o escritor siga de cerca o que pasa na súa terra. «Veño seguindo dende sempre, dende perto e con paixón, todo o acontecer de Galicia. Impórtame todo o que se refire ó meu país, en tódolos ordes. Ben sei que a ausencia, e máis aínda se é longa, non permite calebrar todo. A vida cotiá dun pobo, coas súas diversas imprecacións, somentes se pode comprender a fondo vivíndoa. Tal limitación é pra min unha realidade innegable. Salvado isto, podo decir que vivín e vivo «sempre en Galicia».

«Na literatura galega é moi importante atender ó mundo dos nenos»

GALICIA, 27 ANOS DESPOIS

No 1972 voltou por primeira vez, dempóis de vintetrés anos de ausencia. A remates do 1976 viaxou novamentes á súa aldea, acompañado da súa muller Anisia. «Atopéi en esencia todo igual, como digo nun poema do meu libro Dende lonxe. A xente vive mellor, non se pode negar. Come e viste mellor, gasta máis; os labregos van á feira en autobús, pecharon os fornon e mercan pantrigo. Hai algúns tractores, teñen pistas nos agros, comencan a facer a revolución da auga, como propoñía un persoaxe de Fole... Pero sigue a emigración, vense nas aldeas moitas viudas de vivos, abondan as deformacións derivadas dunha agresiva sociedade de consumo. En fin, atopéi cousas vellas melloradas e algunhas novas



P. CONDE

NEIRA E ANISIA, NO VAL DE ULLA

que se terá de ver co tempo se son as máis axeitadas a este mundo rural noso. Evidénciase a necesidade dun cambio radical de estrutura. Isto foi o que percibín a nivel da vida cotiá nas aldeas».

PUBLICAR MAIS EN GALEGO

Non é alleo Neira Vilas ó problema actual do idioma galego. «Nos derradeiros anos é obvio que a cultura galega atópase nunha promisoría etapa ascensional. Vense publicando moito con algunhas obras que nada teñen de envexar ás mellores doutras literaturas. Se nos concretamos a este intre preciso, estimo que pasamos certa crise que ten de preocuparnos. Aumenta o caudal de lectores en galego, cada día máis esistentes, e non contamos cunha resposta axeitada a tal degaro. Penso que será algo transitorio. En canto ó caso do idioma, eu vexo que na miña comarca do Ullán fálase o mesmo galego de trinta anos atrás. Unicas diferencias que atopo: certa capa de novos ricos dos que os nenos estudian na vila e gustan de espresarse en castelán (sobor todo as nenas) anque entenden o galego; rapaces en xeral que, por seren fillos de emigrantes ou porque variaron algo os tráfeos da terra, manexan un léxico probe en relación con nomes de ferramentas, ceifas, temperanzas, etc.

Fálase máis galego nas cidades. E falañ galego polas rúas os estudantes de Santiago o que non acontecía, salvo en contados casos, fai unhos anos. Vense máis libros, algunhas páxinas nos xornáis, can-

ciós, algunha cátedra, un pouco de radio e até televisión no noso idioma. Todo isto é moi importante.

Con todo, a agresión, por así chamalle, do castelán é moi forte a traveso dos meios masivos de comunicación, en primeiro lugar a televisión. Teremos de acrecer o esforzo en tódolos ordes pra que a nosa vella lingua non esmoreza».

«MOITO QUE FALAR DA EMIGRACION GALEGA»

En relación con dúas xa vellas teimas súas relacionadas coa literatura, Neira Vilas declarou a TEIMA o seguinte: «Queda moito por literaturizar arredor da emigración galega. Unha parte importante da nosa poboación anda fóra do país. Revelar, por vía testimonial ou de ficción, como vive e pensa, cáles son os seus desacougos e inqedanzas, é un tema moi amplo e rico. Pouco se leva feito ou case nada. Eu propoñome seguir traballando neste no marco das miñas vivencias persoais e do meu contacto con centos e milleiros de emigrantes galegos en América. Encol da literatura pra nenos, penso seguir alternándoa con libros pra adultos e traballando nesta difícil tarefa na medida das miñas forzas. Entendo isto como un deber. Ningún autor debería considerar cumprida a súa tarefa mentras non intente siquera destinar algo ós cativos. Un exemplo recente (en castelán) é o do poeta cubano Nicolás Guillén, quen ós 74 anos entregou ó prelo un fermoso libro de poemas titulado «Por el mar de las Antillas anda un barco de papel». Na nosa literatura é máis importante aínda atender a esta necesidade. Temos de afacer ós nenos a ler dende o comenzo no idioma que falan ou que non falan, nalgúns casos, pero que é o dos seus pais».

SE CADRA, VOLTA

Somentes dunha cousa non quixo falar Neira Vilas. «De Cuba e da súa revolución, non por favor. Tería que decir tantas cousas que non habería xornal nin revista que publicase as miñas declaracións. Se cadra, algún día publicaréi un libro ou algo sobor de todo isto que non colle no ámbito dunhas declaracións». Hoxe, Xosé Neira Vilas e a súa muller Anisia Miranda, escritora cubana, seguen a traballar na súa casa do barrio habanés de Vedado. «Quén o sabe. Se cadra algún día volto pra quedarme aquí», foi parte da súa despedida.



P. CONDE



P. CONDE

«SE CADRA, VOLTO»

«VIVIN SEMPRE EN GALICIA»

—¿De qué supostos se partiu pra sacar á rúa un diario vespertino coma INFORMACIONES DE ANDALUCIA?

—Nós partimos da estratexia de que un periódico rexional ten que estar asentado na rexión e que os seus redactores teñen de ser xentes que vivan na rexión e conozan os seus problemas. Tratamos de ver toda a actualidade cos ollos do que interesa nesta rexión. Quero decir que non nos desinteresamos do que pasa no mundo, pro temos en conta que hai un orde de prioridades, centrado polo que está máis perto dos problemas do home andaluz. Queríamos e queremos rexionaliza-la información, ofrecer unha concepción rexional, concebindo ademais a Andalucía coma un todo e non coma unha serie de entidades locais desagregadas.

Hai características concretas que definen a Andalucía.

—¿E éste o primeiro periódico que se plantexa estes obxetivos?, ¿cómo é a competencia?

—Eu entendo que Andalucía contaba con periódicos, poucos, sensibéis a este problema. Tiñamos unha prensa estereotipada dabondo. O caso é que nos outros xornais hai moi bos profesionais.

35.000 EXEMPLARES MAIS ADIANTE

—¿Quere decirse que o plantexamento de INFORMACIONES DE ANDALUCIA pode provocar algunhas transformacións noutros colegas?

—Pode que sexamos unha especie de revulsivo, polo feito de non estarmos no esquema anterior. Temos unha redacción potente e estamos dispostos a traballar moi en serio poñendo toda a carne no asador.

—¿Cómo anda a tirada nestas primeiras semás de contacto cos lectores?

—Temos problemas de taller que xa nos obrigaron a retrasa-la saída e hai algúns e serios problemas de distribución. De tódolos xeitos, dentro de dous meses e coa hora de saída regularizada, penso dacordo cos datos de que dispoño, que nos poremos nos 35.000 exemplares coa devolución normal.

—Eso non parece falar moi ben do mercado de lectores. ¿A ónde apunta o diario na distribución?

—A verdade é que non hai un bo mercado, non hai lectores numerosos. Nós queremos chegar especialmente ás pequenas capitales, ás pequenas vilas e núcleos moi característicos de Andalucía, nos que vive un porcentaxe de xente moi significativa.

Haberá que analizar máis adiante o feito da aparición nos últimos tempos de novos medios de comunicación, periódicos e revistas, nos pobos da periferia do Estado español. O que testemuñan e o que forzan ou reforzan. Non é unha excepción Andalucía, onde o pasado 9 de decembro saíu á rúa o primeiro número do xornal vespertino «INFORMACIONES DE ANDALUCIA». Pra coñecer datos concretos, TEIMA falou co director do xornal, GUILLERMO MEDINA. Este é o resultado da conversa telefónica.

FORMA-LA CONCIENCIA REXIONAL

—Están claros os proxectos do periódico, pro ¿qué grado ou nivel de conciencia hai en Andalucía en relación co feito, co problema rexional?

—O feito rexional andaluz é dabondo incipiente. Non hai aínda unha forte conciencia rexional. Claro que se rexistran xa excepcións. O folklore, por exemplo, vívese agora mesmo coma un fenómeno de cultura popular. Nas capas máis cultas hai unha especial sensibilidade pró problema e tamén se aprecian as preocupacións rexionais nos emigrantes que traballan en Catalunya ou en Madrid.

—¿Eso quere decir que se intentará chegar a estes centros da emigración?

—Sí. O periódico estase a distribuir xa. Pra nós é moi importante estarmos presentes entre os andaluces emigrantes.

—¿Cómo se presentou o periódico?, ¿qué chamadas de atención se empregaron denantes da súa aparición?

—INFORMACIONES DE ANDALUCIA presentouse como un periódico rexional, independente e veraz. Tamén se botou man dun slogan: «unha rexión nace cando nace a súa opinión». Pequena aínda, en Andalucía hai unha toma de conciencia en relación co problema rexional e está claro que este periódico vai por unha parte tratar de recollela e por outra contribuir á súa formación, á súa extensión.

A INDEPENDENCIA DA RENTABILIDADE

—¿Hai un bó porvir prá prensa rexional no Estado español?

Un novo xornal pra Andalucía

Obxetivo: Rexionaliza-la información

—Eu teño a convicción de que hai un porvir en ascenso, dacordo co reconecemento do feito rexional. O esquema do estado máis adiante, debe ser rexionalista. Xa non falo de federalismo.

—O lector pode preguntar polos condicionantes do periódico. ¿Hai nos?

—Eu teño que facer un periódico rentábel, xa que me movo dentro do ámbito dunha empresa privada —neste caso, Prensa Castellana, S.A., editora do vespertino madrileño «Informaciones»—, pro esta non me deu consigna algunha, de maneira que o periódico non ten limitacións á hora de informar.

Din que a acollida do periódico foi boa porque ofrece calidade e

boa información. Ten 24 páxinas, un formato como o do aínda non reaparecido diario «Madrid» e unha plantilla de profesionais ben identificados cos problemas de Andalucía. Guillermo Medina, Antonio Burgos, Ricardo Ríos, Antonio Checa, Ortiz Nuevo, etc., non esgotan a nómina, pro sí falan dunha calidade contrastada non somentes polos lectores andaluces.

—Competimos cos periódicos de Madrid, di Guillermo Medina, e cos periódicos locais. Sóio hai outro periódico da tarde, «Nueva Andalucía», moi minoritario. O importante é que dunha ou doutra maneira, Andalucía está representada en cada unha das 24 páxinas de INFORMACIONES DE ANDALUCIA.

No último mes de Novembro, un Real Decreto devolvíalle ó Institut d'Estudis Cataláns (I.E.C.) a súa condición de dereito público. XAVIER COSTA CLAVELL, dende Barcelona, analiza a significación deste feito.

Catalunya

A «recuperación» do Institut d'Estudis

O Real Decreto rematou unha longa etapa de inxusta condena-ción empezada en 1939. Non se trata, dende logo, de ningún regalo feito polo Estado español a Catalunya, senón dunha restitución ganada pola presión cultural e política dos cataláns. O Estado, sempre centralista, tácita ou espresamente, e asoballante dos dereitos da nacionalidade catalá dende os tempos de Felipe V, endexamais regalou nada a Catalunya.

UN PASO ADIANTE

Agora o I.E.C. recupera legalmente a plenitude da súa función. Trátase dunha medida trascendental prá normalización da cultura catalá, xa que o decreto ven confirmar dende a máis alta maxistratura do Estado, unha institución á que se lle otorga rango de corporación académica, científica e cultural, dentro do ámbito da lingua e a cultura especificamente catalá. E,

pobos
ibéricos

pois, un paso adiante dado pola actual monarquía no camiño da restitución dos dereitos arrebatados polo centralismo separatista ás nacionalidades periféricas.

O Institu foi hastra hai moi pouco tempo perseguido implacábel e sistemáticamente. Xa denantes do franquismo, na etapa autoritaria da dictadura do xeneral Primo de Rivera. Pro a xenreira do franquismo acadou cotas de verdadeiro xenocidio cultural. E lóxico que así ocorri- ra se se ten en conta que o I.E.C. foi sempre un organismo xenuinamente representativo da identidade catalá, contra a cal o franquismo foi sempre belixerante, como o foi igualmente contra a esistencia das nacionalidades de Galicia e máis de Euzkadi.

O CREADOR, PRAT DE LA RIBA

O Institut foi hastra hai moi pou- trasdendental creación de Prat de la Riba. Nacéu no ano 1907, coma unha academia de alta cultura e investigación. Primeiro constituída por unha sección histórico- arqueolóxica, á que se engadiron en 1911 outras de ciencias e filolo- xía. Desta saíron as normas orto- gráficas do catalán moderno, la- boura que dirixíu Pompeu Fabra e que deu como resultado e estabili- zación do catalán que hoxe é ve-

hículo da literatura autóctona de Catalunya.

Pro cecáis o logro máis impor- tante foi a creación da biblioteca aberta en 1914 cun fondo de 46.000 volumes impresos e 600 manuscritos. Chamada hasta agora biblioteca central, foi medrando hastra se converter hoxe nun centro de traballo intelectual de primeira magnitude. E unha institución aberta ó público e funcionou sempre dun xeito democrático. Ninguén ten de face-lo menor desembolso pra se beneficiar dos fondos, nin sique- ra pra leva-los libros á súa casa.

UN SINTOMA

No transcurso da «longa noite de pedra» do franquismo o I.E.C. subsistíu en condicións precarias, pro o feito de que non poidera ser esna- quizado e de que seguira a subsistir aínda que fora refuxiándose pouco menos que nas catacumbas, pon de relieve a vitalidade da cultura e do pobo cataláns. Os 40 anos de cerril anticatalañismo foron, en suma, tan sombríos coma estereis. O cabo deles o Estado español vése obrigado a facer unhas concesións impostas pola realidade dun país, Catalunya, que reclama os seus dereitos. O mesmo ocorre sustancial- mente en Galicia e en Euzkadi, países todos que agora empezan a loitar a cara descuberta polo recoñe- cimento pleno da súa identidade nacional.



Navarra

«Punto y hora»: 7 sumarios en 9 meses

Mirentxu Purroy, 29 anos, di- rectora da revista PUNTO Y HORA DE EUSKAL-HERRIA, in- gresou na prisión provincial de Pamplona o pasado 28 de De- cembro. Non se trataba de nin- gunha inocentada de mal gusto, senón dunha orde do Xulgado Militar desa cidade. Unhas ho- ras despois notificábaselle o auto de procesamento por «su- postas inxurias ás Forzas Arma- das».

Segundo poido saber TEIMA, o motivo do procesamento foi unha carta procedente de Bilbao e firmada co seudónimo Simón Bolívar, que a revista publicou o día 1 de Novembro co título «El truco de la bandera». O texto fa- cía referencia, ó parecer, a uns incidentes habidos nas festas de Lequeitio (Vizcaya) que tiveron lugar en Setembro.

Estes son os feitos polo de agora e mentres se espera que as autoridades militares dicten sentencia contra unha muller que ten pendentes sobor dela outros seis sumarios, dous deles ó cargo da xurisdicción militar.

Inmediatamente despois da detención a Asociación da Pren- sa de San Sebastián remitíu te- legramas ó Rei, presidente do Goberno, vicepresidente primei- ro, ministros do Exército, Infor- mación e Turismo e Xusticia, ca- pitán xeral da VI Rexión Militar, director xeral da Guarda Civil e presidente da Federación de Asociacións da Prensa. Os tele- gramas sinalan que o procesa- mento contradice o espírito da reforma democrática do gober- no, ó tempo que solicitan a pos- ta en liberdade da xoven perio- dista.

A verdade é que os feitos fan ben claro da precariedade e das dificultades que as publica- cións con sentido da indepen- dencia atopan pra poder ir tiran- do día a día sin sobresaltos. PUNTO Y HORA é unha boa mostra desta inseguridade e do longo camiño que as publica- cións periódicas teñen de reco- rrer pra chegar en boas condi- cións ós lectores.

PUNTO Y HORA DE EUSKAL-HERRIA apareceu con periodicidade quincenal o pasa- do mes de abril. Leva publicados 18 números e dende agora sairá cada semá á rúa.

Queremos crer que Mirentxu Purroy poderá leva-lo timón da publicación pamplonica. Men- tres, cabe a solidariedade con ela e o seu equipo dende a precarie- dade e a indefensión.





O noso colaborador, XAVIER ALCALA, completa hoxe o seu informe en relación co País de Gales, cuxa primeira parte apareceu no número anterior. Alcalá entende que os 40.000 membros do Plaid Cymru e os 5.000 da Cymdeithas yr Iaith Gymraeg poden supoñer unha interesante chamada de atención dende a perspectiva galega.

Cymru ou País de Gales (e II)

Os progresos do nacionalismo

Plaid Cymru, literalmente «Partido de Gales», representa a opción nacionalista fronte ós sucursalismos tradicionais: conservadurismo, laborismo e liberalismo.

O *Plaid* naceu en 1925 por vontade dun grupo de intelectuais ós que alcumaron de tolos: pedían daquela un parlamento pra Gales, representación do Cymru na Sociedade das Nacións e a declaración do *cymraeg* como lingua oficial. Cincuenta anos despois, tras unha teimuda loita nos frontes municipal e parlamentario, os nacionalistas gobernan varios concellos e tres dos seus membros séntanse nos escaños de Westminster. A súa actual existencia aparece proclamada en cartéis pegados en todo canto valado se alcanza a ver por terras galesas: *Cymru Rydd*, «Gales Ceibes».

POLA CONFRATERNIDADE

A *liberdade sen independencia* que esixen os homes do *Plaid* concretízase nunha solución de *confraternidade* prós países británicos, na que cada un deles terá o mesmo peso á hora das decisións conxuntas, rexeitando a estrutura federal na que a Inglaterra, por ter unha poboación catro veces superior á dos países celtas, seguiría a impoñer a súa vontade. Na *confraternidade*, Gales tería *status de membro da Commonwealth*, con representación na ONU e, por suposto, o vital *control da economía nacional* que lle permitirá realizar unha *reforma agraria*, pra dar cabo do éxodo rural, e unha *planificación industrial* tendente á creación de industrias transformadoras das materias primas producidas no país.

Fronte á presión nacionalista galesa, o omnipotente centralismo londinense foi facendo sucesivas concesións que rematan coa promesa da Asamblea Galesa, a cal representa unha devolución parcial e discriminatoria das funcións do goberno central: mentras a *Devolution Bill*, que ha de aprobar aínda o parlamento británico, ofrece prá Escocia unha asamblea lexislativa, a Gales non lle ofrece máis que unha asamblea executiva. Unha vez máis, seguindo o fio da política chégase ó novelo da economía: *en canto o carbón galés se esgota, o petróleo escocés apenas empezou a xurdir dos pozos do Mar do Norte*. Velahí a clave da discriminación...

REIVINDICA-LO IDIOMA

En 1962, Saunders Lewis, un dos fundadores do *Plaid Cymru*, pronunciaba unha alocución histórica ante os micrófonos da BBC Wales. Nela decía: «Revívila lingua galesa non é menos ca unha revolución. O éxito só pode vir por métodos revolucionarios... *A lingua é máis importante có autogoberno*». Pouco despois nacía *Cymdeithas yr Iaith Gymraeg*, «Sociedade da Lingua Gale-

sa», co propósito de «fortalecer a conciencia nacional, inxectar unha nova realidade no nacionalismo traendo á luz a través da loita lingüística a opresión que hai agachada na relación entre Gales e a Inglaterra».

A Sociedade é autofinanciada polos membros, que traballan *divididos por grupos* (grupos de *radiodifusión, administración local, status oficial do idioma, etc.*) en campañas pra conseguiren a *normalización do cymraeg* en todos os aspectos da vida do país: éste é o método revolucionario.

A campaña máis visible da Sociedade é a dos *letreiros*. Os topónimos galeses inglesizados son sistematicamente *correxidos ó longo das estradas*. O cantante popular Dafydd Iwan, presidente da sociedade, foi acusado pola xusticia británica de incitar os membros a «es tragaren letreiros». Na súa defensa replicou: «Eles foron incitados, coma min, pola crise da súa nación e a súa lingua... Tras cada pintada sobor dos letreiros ingleses en Gales hai séculos de desgracia, asoballamento e inglesización. Esto é o que os incitou».

GUERRA COS DOCUMENTOS

Outras campañas da Sociedade foron: *Negarse a repostar documentos oficiais escritos en inglés* (cartas do concello, declaracións da renda, etc.), propoñendo a correspondente versión galesa. *Non pagar recibos de auga, gas e electricidade en inglés, soportando os conseguintes cortes*. *Non pagar os impostos de circulación e televisión ingleses*. *Non rexistrar os nacementos dos fillos en formularios ingleses*. *Retirar contas correntes dos bancos que non daban cheques e demais documentos de trámite en galés...* Conseguiron —amáis de anos de cadea— un *bill-guismo falso: os documentos en inglés están sempre ó dispor do público; as versións galesas hainas que solicitar en moitos casos*.

Dende a fundación da *Cymdeithas* adicáronse os membros a protestar nos xuícios, dende os bancos do público, pola *abrigación de espresarse en inglés ante a lei*. En 1967 conseguiron a *Welsh Language Act* pola cal *un cidadán galés é libre de se espresar no pro-*



TOPONIMOS CORREXIDOS
A Sociedade da Lingua Galesa non pasa un



CYMRU RYDD: GALES CEIBE
Carteis do «Partido de Gales»

pio idioma ó longo de interrogatorios e defensas.

Organizaron unha marcha de 100 millas recollendo ó longo do traxecto licencias de televisión pra queimallas públicamente; treparon ós mastros das antenas repetidoras e ocuparon estudos de grabación de programas. Conseguiron a promesa dun canal de televisión en galés —cuio presuposto foi posteriormente empregado polo correspondente ministerio nun canal prás tropas británicas estacionadas na Alemaña...

DOUS EXEMPLOS

Recolleron 10.000 firmas pedindo un canal de radio galesa; e montaron unha emisora pirata. Conseguiron máis horas de radio en galés á semá...

RESTO DO MUNDO

Insatisfeita coas súas vitorias parciais, a xente —moza en maioría— da Sociedade da Lingua Galesa, continúa a loita contra os elementos agresores do idioma, tentando convencer os galeses coa «seriedade do propósito» nunha liña de *desobediencia cívica* na cal chega, en casos extremos, á *destrución da propiedade (que) pode ser esencial pra evita-la violencia contra o pobo* —violencia que, doutra banda, eles tratan de evitar, convencidos de que «a lingua galesa non paga unha soia pinga de sangue inocente».

O legalismo insistente do *Plaid Cymru* e a desobediencia cívica da *Cymdeithas yr Iaith Gymraeg* son un bon exemplo prós nacionalismos da Europa: unha sería mostra de equilibrio entre a verborrea inefectiva duns movementos e o terrorismo descontrolador doutros.

AS CONCESIONS DE LONDRES

1945, son creadas quince delegacións ministeriais en Caerdydd.

1951, un ministro do gabinete británico ocúpase tamén de Asuntos Galeses.

1964, é creada a Secretaría de Estado pra Gales, cuio secretario é membro do gabinete británico con exclusivas responsabilidades pra Gales en: vivenda, saúde, servicios sociais, administración local, educación primaria e secundaria, planificación territorial, servicio de augas e estradas, montes turismo, parques nacionais e lugares históricos. O seu departamento é a Oficina Galesa, con locais en Caerdydd e Londres; en 1975 tiña 1.500 empregados e 240 millóns de libras de presuposto. En conxunción co Ministerio de Educación e Ciencia británico dirixe a Oficina Galesa de Educación. O Secretario de Estado pra Gales nomea os membros do Consello Galés, «individuos privados con amplos intereses e coñecemento dos problemas galeses» que aconsellan ó Secretario pró desenrolo de Gales e o millor uso dos recursos do país. Tamén nomea os membros do Consello da Lingua Galesa (esistente dende 1973) que o asisten nesta materia. Hai un Consello das Artes Galesas, con 220.000 libras de presuposto no presente exercicio, que financia parcialmente ó Consello do Libro Galés; amáis dos libros atende a música, o teatro e as artes visuais.

A PROMESA DE LONDRES

Asamblea executiva formada por 72 membros eleitos cada 4 anos; cámara única. Ademáis das actuais responsabilidades da Secretaría de Estado pra Gales, terlaas nos seguintes campos: medio ambiente, deporte, servicio contra incendios, seguridade social e transportes. *Quedan excluídas Educación Superior, Economía e Industria*. Presuposto inicial: 910 millóns de libras. Se fora aprobada a *Devolution Bill* en 1977 as eleccións pra membros da Asamblea serían no 78. En Caerdydd xa están construíndo o pazo da Asamblea.

O PROGRESO DO PLAID CYMRU: En 1966, Gwynfor Evans (presidente do partido dende o 45) gañou o primeiro escano nos Comúns. En 1970 perdéuno, pero o total de votos conseguidos polos candidatos nacionalistas nesa elección superaba nun 60% os da anterior. En 1974 conseguían tres escaños, fronte a 18 dos laboristas, 8 dos conservadores e dous dos liberáis.

Páxina de arte

..Ceibe..
galería de arte

ANTON PATIÑO

PINTURA E ESCULTURA GALEGA

canton grande. 16-17-3º

tlf. 22-38-97 a coruña



Galería de arte

Mestre Mateo

ESCULTURAS

NOVOA

real. 22.1º

tlf. 22-87-13

TORQVES



Galería de arte
Algalla de Abaixo. 39-T. Tel. 69 9395
Santiago de Compostela

visitas: diario. 7-10

/festivos. 12-2

Mostra antolóxica de

LE PARC

19 xaneiro - 2 febreiro



arco da vella

ACISCLO MANZANO

ESCULTURA

reina. 8-1º

lugo

Anticuario



La Galeria

.....obxectos de arte

a coruña

santiago, 17



osouto
galería de arte

VIDAL ABASCAL

OLEOS

General franco. 95. ourense



YANEZ

vieiros

Xa quedan poucos

Hai algo sempre que diferencia —na historia ou no presente, no traballo ou nas costumes— a unha vila das outras, a unha terra das outras. **VIEIROS** quere achegarse a todo isto, pro fuxindo dos tópicos a que nos teñen afeitados as guías de turismo. **XOSE AGRELO**, mestre de escola e director do grupo de teatro **CANDEA**, fálanos dende Noia dun oficio que lle déu a esta vila mariñeira sona en toda Galicia. Aínda hoxe a peza de música popular «Os zapateiros de Noia» a tocan moitos gaiteiros e a bailan moitos mozos.

A sona de que Noia é terra de zapateiros venlle, máis ca nada, daqueles seres míticos, un pouco aventureiros o outro pouco profesionais sin emprego, que xa se conocían no século pasado polo nome de «zapateiros da boria».

DE ALDEA EN ALDEA

Moi poucas familias hai aínda hoxe en Noia que non tiveran algún devanceiro nese choio. Co saco da ferramenta ó lombo, iban de pobo en pobo e de aldea en aldea mañando botas, botíns, zapatos e zocos nas portas das casas, debaixo dun cuberto ou a carón da lareira. Como bós noienses, voltaban tódo-los anos polo Antroido, e cos cartiños aforrados, mercaban unhas leiras ou uns terreos pra ter acougo na vellez.

Bós cartiños debían facer pois, en xeral, o seu aspecto era engaiolador: capa de pano fino, chapeu terciado, e á algúns, dourada leontina cruzáballe o chaleque. «Os estudantes da chaira», chamábanlle nas tabernas. Moitos casaban con algunha costureiriña que atopaban tamén polas portas cá máquina na cabeza, e non voltaban máis á vila

noiesa. Outros poñían tenda en calquera pobo de Galicia, e dese xeito, a fama dos zapateiros de Noia medraba a cotío.

AS OUTRAS EMIGRACIONS

O sobranceiro de todos eles foi Anxel Senra, un noiés zapateiro da boria, que chegou a montar unha fábrica de zapatos na Coruña que daba de comer a centos de familias e que tivo o honor de se-lo primeiro alcalde republicán desa cidade, no abril do 1931.

Hoxe a aventura da boria trócase por outras emigracións máis lonxanas e tristes, e as 40 fábricas de curtidos que tiña Noia morreron e con elas morréu tamén a figura do zapateiro. Os poucos que quedan conservan o oficio con dignidade pero sin cartos nin porvir, e aínda se lembran de que, fai poucos anos, de Noia saían as botas de fútbol pró Real Madrid. ¡Quén o diría...! Pro o luns síguense chamando dos zapateiros, e os, noienses pra toda Galicia son zapateiros. Coma sempre, uns levan a auga e outros levan a fama.



«Os estudantes da chaira»

¡...E os de Noia, zapateiros!



YANEZ

Unha das caras do imperialismo



YANEZ

A Noia a fama velle do século pasado

Nos primeiros mundos —a Europa desenrolada, poñamos por caso— os embercellamentos políticos dos debates ecolóxicos acadaron xa un tal grado de complexidade e confusiónismo, que, do coñecemento da filiación política de tal ou cal persoeiro, pouco se pode deducir encol da súa posición fronte os problemas medioambientais. A ben razoada oposición do pobo francés ás centráis nucleares atopouse, a nivel de goberno, co voto favorable á nuclearización dos deputados da esquerda. Unha actitude semellante —xunto con outras causas— acaba de costarlle en Suecia, ó gabinete de Olof Palme, a súa substitución por un equipo da dereita.

Son sóio dous exemplos ben coñecidos dunha situación, que, a pouco que se baixara na categoría dos protagonistas, podería ilustrarse con moitos outros. ¿Qué pasa, pois, na Europa desenrolada?

Cecáis a primeira tentación do observador —tentación na que non imos poñer nin tirar miga— é dar abeiro a fondas dúbidas encol do esquerdismo dunha boa parte da esquerda europea. Pro é o caso que a proposición contraria ten, cando menos, o mesmo peso: boa parte do ecoloxismo européu non vai máis aló dun raquíto reformismo que, disimulando as eivas do sistema orixinador de —entre outras— a crise ecolóxica, a fortaleza pra seguir a tirar zume de novas andaduras. Nefecto, as reivindicacións ecolóxicas, nos países desenrolados, están sendo asumidas a bo ritmo polo capital vencellando ás aspiracións industriais máis pezoñentas, que ve na promoción dunha tecnoloxía «descontaminante» e no «manéxement» do meio ambiente, un novo xeito de abrir mercados e de proceder á privatización e conseguinte especulación con bens —o espacio libre, a paisaxe, a fauna natural, o aer puro— tradicionalmente tido por patrimonio da comunidade.

A REALIDADE DO PAIS

Non semella estar acontecendo o mesmo en Galicia, onde, ó menos polo momento, ningún sector político máis ou menos adiantado deixa de se xunir —e non sóio por capitalizar un potencial de axitación— ós xeitos particulares de ecoloxismo que eiquí se están a dar. ¿Qué pasa pois na desenrolada Galicia?

Cuestións —ó noso ver— mesmamente da dependencia, do subdesenrolo. O ecoloxismo galego, do mesmo xeito ca moitas outras galegas teimas, ten aínda a transparencia das cousas que latexan no pobo. Aínda, coma moitos outros galegos latexos, resulta nidio demáis pra que poida ser asumido polas boas por intereses máis retortos.

Cáseque coincidindo no tempo —despóis da guerra civil— coas primeiras demandas por parte de diversos estamentos sociais gale-

Uxío Labarta e M. Anxel Murado son biólogos membros de ALBE-Galicia que traballan en Vigo adicados á investigación. Murado é, polo demáis, autor dun libro encol destes temas que publicou Akal na colección «Arealonguina»: «A contaminación de Galicia». Uxío Labarta traballa principalmente no eido da bioloxía do peixe e Murado nos problemas da contaminación. Neste artigo analizan a problemática ecolóxica dende unha perspectiva política e económica.

Ecoloxía e política do desenrolo

Por UXIO LABARTA E M. ANXEL MURADO

gos dunha industrialización capaz de atalla-la la sangría migratoria, chegou o réxime ó convencemento de que a solución autártica non levaba a ningures. Entra entón no xogo a segunda variante do sistema, e coa grande familia tecnocrática xorde o arrecendo do desenrolo.

Axiña se viu que a resposta tecnocrática en nada respondía á demanda galega, da que as liñas xerais, esquematizadas, daquela pola do que é mal desaparecida «Revista de economía de Galicia», endexamáis foron principiadas. Axiña se viu que «o enganche a Europa» da economía española producíase unicamente nuns poucos centros neuráxicos —alleos, por suposto, a Galicia—, nos que o arrecadamento dos recursos zudados das zonas deprimidas —Galicia, por suposto, entre elas— daba ós persoeros que os visitaban unha máis ou menos engaiolante imaxe. Axiña se viu que por onde lles iba a auga ó muíño; pro a retórica das grandes realizacións do sistema afogó por moitos anos toda crítica. ¿Quén dubidaba do progreso representado polas abraiantes obras hidroeléctricas? ¿Quén se atrevía a embaza-lo esplendor daquelas inauguracións con argumentos localistas? Evidentemente, as xentes que vían ficar debaixo da auga os seus sistemas productivos, trocados por unha compensación (?) económica que ningún significado tiña pra eles. A súa protesta, nembargantes, endexamáis ecoou fóra de Galicia. Era disonante ademáis pra ser xornalística, e resistencias tan drámaticas como as de Castrelos do Miño nin siquiera chegaron a ser comentadas máis aló de Pedrafita.

INDUSTRIALIZACION E COSTE SOCIAL

Con cativas variacións circunstanciais de pequeneira relevancia, éstas foron as peculiaridades do esquema industrializador que, con sobexa teimoxía petóu unha e outra vez sobor da estrutura económica tradicional do pobo galego, esmagando o que de millor había nos seus xeitos organizativos, aproveitando das súas servidumes e ofrecendo no troco ó campesiño (a «nosa» industrialización, por incidir

cáseque exclusivamente nos primeiros pasos dos ciclos productivos, precisa pouca man de obra) a posibilidade de se converter nun proletariado muniqués ou xinebrino ou, con sorte, de atopar un dos moitos e paifocos empregos, alleantes e marxinais, dos que fornece o sector servicios das nosas vilas. Con sarcástico privilexio, os intereses que potenciaron este modelo, nin se tomaron siquiera a molestia de instrumentar unha estratexia que disimulara o seu groseiro esquema: a industrialización dunha zona carente de infraestrutura sóio «compensa» cando o coste social da montaxe dá prá creación de infraestrutura.

Os promotores da industrialización de Galicia non entenderon —ou entenderon moi ben— que era na fonda integración do home galego co seu meio (compre decilo, malia as sospeitosas connotacións

folklorizantes da afirmación) onde dos recursos naturais —alicerce inesguellábel da nosa economía, que aínda terma do 70% da poboación galega— o que compre engadirle ó noso herdo.

PLANIFICACION DESAXEITADA

Eido a eido, o desaxuste realidade-administración amosa monóticamente que os criterios seguidos polos planificadores do noso desenrolo foron xustamente os inversos. Así na pesca, da que hoxe están a vivir na beiramar galega, en boa medida sostidos por explotacións de tipo artesanal ou familiar, 35.000 homes, somentes se potenciou dende os centros de poder e decisión o sector industrial, que, operando moi lonxe das nosas costas, mergulló ós marifeiros nunha proletarización inhumana e



OUTRA FACIANA DO COLONIALISMO

se tiña de busca-la chave do noso desenrolo. Son os xeitos solidarios de explotación, son os esquemas comunitarios que aínda hoxendía rexon en moitos casos, constantemente aguilloados polo Código Civil, o sistema de propiedade de estrutura productiva, o que compre conservar das nosas tradicións. E a racionalización con criterios científicos e sociais do aproveitamento

ponos agora —coa vixencia das novas regulamentacións internacionais— no atranco de teren que andar a percura da ocas onde metélos barcos. E é hoxendía, cando máis que nunca se apalpa a crecente importancia dos recursos anturais, que está por resolve-lo problema do esgotamento dos nosos caldeiros e por inicia-lo dos vieiros da comercialización do seu produto.

No tocantes ó marisqueo, que ocupa a 64.000 homes, semella claro que se están deixando esgotar uns recursos de considerábel importancia por terse dirixido a política — e en boa medida alí chegou — a privatización da beiramar, obxectivo que, aínda que presentado coma o único xeito de acadala tan deseada racionalización, máis ben apunta á persecución dun incremento de beneficios por parte dos que xa hoxe, gracias á desorganización dos traballadores da mar, tiran bo zume do control dos procesos de comercialización.

Falar da repoboación forestal, unha das grandes realizacións do réxime, presentada baixo o slogan da creación de riqueza nos «montes improproductivos» non ven a ser outra cousa que describir unha nova historia demagóxica pra leva-la auga ó muíño de sempre, ou sinalalo esencial descoñecemento da realidade pola parte dos seus promotores. Realidade na que o monte xogaba un papel integrador da ambivalencia agrícola-gandeira na que se termaba a economía campesiña.

Desartellando tal integración, obrigábase, aínda máis, o campesiño a pasar polo aro dunha economía de mercado na que iba a ser claro perdedor, pois en troques de potencia-los xeitos comunais de explotación que viña mantendo, e sobor dos que non era difícil erguer unhas estruturas propias de comercialización, empuxóuse-lle a entrar no xogo — ¿qué outra saída tiña? — de comercia-las comercia-los seus produtos ó traveso dunhas «cooperativas» do campo prás que todo era doado, e sobor das calles o «cooperativista» non tiña máis poder de decisión có de tomar por bos os precios que se lles marcaban.

NON EXISTEN OS MILAGRES

Foi un camiño percorrido amodo, pro que realmente foi levando ó pobo galego a unha situación moi por baixo do nivel que tería acadado de seguir unha evolución lóxica e propia. O cabo, diante da apalpábel demostración da «probeza natural» de Galicia, da súa insuficiencia de recursos e dun longo e adroleiro etc, coidouse chegado o intre de presenta-la «industrialización» coma man milagreira pró noso atraso.

Algo cambiara, de tódolos xeitos, dende dos tempos de Castrelo de Miño, e, segundo o réxime entra na costa abaixo, a contestación ecolóxica medraba. Contestación que, en contra do que na Europa acontece, xorde do pobo e instrumentábase polo pobo. Pobo que sabe que o único que ten atópase nos seus recursos, e que da súa conservación, da súa non privatización, da súa regulación e industrialización socialmente racional, está a depende-lo seu porvir como pobo.



Xosé Castedo Villar é profesor de Químicas dun Instituto de Vigo. E tamén presidente da Asociación de Veciños de Lavadores, unha das primeiras que escomenzou a andar e que xunta, aproximadamente, unhas 18.000 persoas da popular barriada viguesa.

Neste traballo non quere máis ca suliñar, cáseque dun xeito telegráfico, unhas primeiras bases cara a democracia cidadá, democracia que pasa inevitábelmente polo Axuntamento Democrático. Nos tempos que se aveciñan, esta cuestión vai adquirir unha importancia fundamental.

Asociacións de veciños e democracia

Por XOSE CASTEDO VILLAR



A LOITA ESTA NA RUA

A loita pola democracia e a liberdade dos pobos do estado español concrétese, no plano local, na existencia de axuntamentos realmente democráticos. Coidamos que as condicións mínimas que deberán cumprir son:

— Elección directa de toda a corporación, incluído o alcalde, por sufragio universal de tódolos veciños maiores de 18 anos.

— Desaparición do sistema de tercios.

— Presentación de candidaturas avaladas por un número mínimo de veciños, polas entidades, polas entidades cidadás, polos partidos políticos.

— Salarios razonabeis pró alcalde, como medio pra rematar coa falacia dos «cargos gratuítos».

— Reducción drástica dos poderes do alcalde, control dos presupostos de gastos, sometemento a referéndum municipal dos asuntos de importancia.

— Autonomía municipal respecto do Goberno Provisorio Galego.

— Non revocabilidade dos cargos nin dos acordos por autoridades superiores, e sí polos veciños.

— Descentralización, no ámbito municipal, de poderes e funcións.

ORGANIZACIONES DE BASE

Estos non serían máis cós puntos de partida. Habería que profun-

dizar moito máis na democratización da vida municipal. Xa que logo, compre que o pobo teña unha participación activa, que vaia moito máis lonxe có mero feito de votar nunhas eleccións cada certo tempo.

Esto plantexa, dunha banda, problemas de tipo organizativo, de estruturación de mecanismos que materialicen esa participación que, por outra banda, hai que pular (téñase en conta que o movemento cidadán é moi recente aínda no noso país)

Neste senso, cumpríra artella-la administración local coas organizacións de base: Asociacións de veciños, en primeirísimo lugar, e tamén con outras entidades como sindicatos, etc.

NEUTRALIDADE

Hoxendía, as AA.VV. sofren unha chea de limitacións, debidas á falla de libertades, que marcan o seu carácter de denuncia e reivindicativo, fundamentalmente. Pro coidamos que nun marco de libertades e cuns axuntamentos democráticos, as AA.VV. terían un papel decisivo e executivo que debería estar recoñecido na futura lei ou carta municipal.

Segundo esto, os acordos tomados polas AA.VV. terían que ser

vinculantes e de cumprimento obrigatorio prós axuntamentos.

As corporacións locais non se deben considerar como entes neutros ou por entriba das clases. De ahí a necesidade de participación do pobo traballador a traveso dos Sindicatos e partidos políticos, ademais de como veciños.

ELIMINAR O ALCALDE

Quede claro que será a propia dinámica do Movemento Cidadán a que irá mostrando as formas con cetas de participación das organizacións de base. Namentres, pódense avanzar algúns puntos pra discutir e profundizar, como poderían ser:

— Concelláis de barrio, propostos polas AA.VV. (non escluindo a posibilidade doutros xeitos de presentación), entre os veciños do barrio e elexidos polos propios veciños. Este cargo, despóis da elección debería ser incompatible con calquera outro na A.V., pra asegurar a autonomía destas respecto da Administración.

— Participación dos representantes das AA.VV. nos organismos do Axuntamento (plenos, comisións, etc)

— Posibilidade de eliminación da figura do Alcalde e a súa substitución por un equipo de dirección colexiada.




Palabras cruzadas

Veleiquei a solución ás palabras cruzadas que lles propuxemos no número anterior. Obviamente, quen de vostedes desexa participar no concurso de acertantes, deberá ter en conta que o prazo de admisión de crucigramas-resposta é limitado. Somentes entrarán en sorteo as cartas que traian no mataselo unha data anterior á de saída á rúa do seguinte número da revista. Neste caso, o trece de xaneiro.



Con idéntico premio e procedemento de adxudicación —garrafón de viño de Ulla e sorteo entre os acertantes— propoñemos está semá outro conxunto de palabras cruzadas. Aquí as teñen. Sorte.



HORIZONTALES:

1.—Contracción. Limpas con auga. 2.— Público. Deusa. 3.— Marchar. Bosco de pinos. 4.— Vacas novas. O revés, botar grá un fruto. 5.— Atinan, acertan. Vocal repetida. 6.—De boas cualidades. 7.—Interxección pra escorrentar animáis. Terreo non sementado diante dunha casa. 8.— Ovo. Preposición. 9.— Berros. Repugnancia. 10.— Manivelas. Parte baixa do sulco, en plural. 11.— Ave palmípeda. O revés, traduce, pon na nosa lingua.

VERTICALES:

1.— Abandoa. Sardiña pequena. 2.— Planta que sobe polas paredes. O revés, o que no corpo transmite as sensacións. 3.— Intelixente(fem.) Certos ruminantes. 4.— O revés, tea cativa. O revés, destruía. 5.— Interxección. Cultos. 6.— Deus do trono escandinavo. 7.— Apuros, urxencias. Término da comparación. 8.— Deixen pra despóis unha cousa. Mulleres casadas. 9.— Olléina, percibína. Esmola, dádiva. 10.— Tacaña, agarrada. Planta da que se fai un licor amargo. 11.— Pon en sal. Machado pequeno.

fiadeiro

«Water» telefónico

Os veciños de Mera, vila mariñeira perto da Coruña, andan utilizando desodorante a feixes estes días. Como é sabido, a rede telefónica non rasca bola en Galicia fóra das formacións urbás, e alí, en Mera, sóio funciona un teléfono situado nun bar. Pra poder falar e que os escoiten, os de Mera téñense que meter moitas veces no «water» do devandito bar e dende alí —man nos fuciños eoutratermando do teléfono— solta-la parrafada. Logo, a quita-lo cheiro.

Contubernio Igrexa-Prensa canallesca

Chámase «Queixume» —como a agrupación cultural de Barallobre que o edita—, vai polo número cinco e imprímese un pouco aquí e un pouco alá. En oito escasas páxinas, os redactores desta revista de pequeno formato saben meter artigos sobor de temas de historia, ensino e cousas semellantes. Reproduzcamos unha escolma de frases que poidan aproximarnos á liña editorial:

«Hai quen ven a decir agora que no aninovo (con isto da «democracia») Galicia ficará un pouco máis folgada. Son os mesmos que coidan que a normalización da lingua tense que ir conquerindo pouco a pouco, asegún a lei do embudo ó revés. O que estes señores non sa-

ben é que o embudo atráncase as máis das veces polo canigote de entrada».

A lei do embudo, precisamente, quixeronlla aplicar a eles as autoridades. Pro, nun alarde de imaxinación antiautoritaria, os homes de «Queixume» conqueriron sacar o seu papel á rúa como «boletín de réximen interior-aneso da folla parroquial «Vieiro», tamén de Barallobre. Polo de agora, o crego ainda non foi acusado de contubernio xudeo-masónico cas forzas disolventes da cultura occidental. Pro todo chegará. En calquer caso, «Queixume» sabe que pode contar cos que facemos TEIMA. A mandar.

AGRUPACION CULTURAL

QUEIXUME

BOLETIN DE REXIMEN INTERIOR-ANESO da FOLLA PARROQUIAL "VIEIRO"-BARALLOBRE

A traición do P.G.I.

Si hai algo que me parta os ollos en dez anacos é ver como o recién nado Partido Gallego Independiente, fundado por dereitistas de toda a vida, rouballe a esquerda o seus programas. ¡E menos mal que soio se copian as frases bonitas pra facer bonitos programas que fagan picar ós votantes!...

Ben é sabido que a dereita —orgullosos estamos delo— negouse a ter o máis mínimo achegamento o arte: tódalas renovacións estéticas deixamolas pra esquerda. Nos demostramos a nosa sensibilidade cunha ideoloxía forte, dura e pecha coma o formigón. E por esto que ver o P.G.I. botando man de slogans ácratas é algo que me fai vomitar os miolos polas orellas.


Si á dereita o que nos vai e chantar un policía no corazón de cada home, ¿a qué falar de liberdade? Si sempre fomos uns señoritos ¿por qué os meus amigos do P.G.I. falan de que son un grupo interclase? ¿Por qué cambear agora, a qué lle teñen medo? E non creo que París, modelo que nos seguimos, dixese que este inverno o que se levaba era o de facerse o obreiro, o asoballado. Por eso, reven-

tame un cento que estos dereitistas fagan gala de ser galeguistas, cando o noso sempre foi o imperio. ¡Cantas veces, nas conversas madrileñas, falábase sin dar abasto de como o nacer en Galicia era como un cuño que Dios poñía os seres inferiores!...

Xuroio polo que máis quero do mundo —os meus cartos, xa se sabe— que esta xente do PGI vaime deixar tolo: ¿dende cando a dereita ten que «respetar la intimidad de las personas», «rechazar cualquier discriminación» ou «suprimir las desigualdades». Imos ver: si pedimos todo esto ¿cál vai ser nosa diferencia ca porcallada marxista?

Nembargantes, estou ben tranquila: no propio renegar que o Partido Gallego Independiente fai do histórico camiñar ideolóxico da dereita está a súa morte. Non sei con cantos paus pensa bater a progresia nas costas destes homes, o que si sei e que nos, a dereita de sempre, imos mallar neles máis que un tonto no millo. Por traidores.

Pola dereita (auténtica), unha guerrillera de Santa María Goretti.



Os cartos dos curas son de todos

Unhas quince mil pesetas son os cartos que os curas piden do estado pra poder vivir como Deus manda. Estas pesetas ben deben chegar pra un home soio, pro tampouco son moitos cartos. Menos mal que, en xeral, os señores cregos manteñen unhas relacións, sin convenio colectivo de por medio cas súas criadas, que se non de qué.

O que si e certo e que hai unha cousa que non para de bater nos miolos da xente: ¿non sería moito mellor que en vez de pagar todos pros cregos, soio pagasen os católicos? ¿Non sería moito mellor que os propios curas en vez de pedir do estado, pediran directamente os seus feligreses? Cecáis así todo quedase moito máis claro.

CAITANO - POR X. MARIN



A reprodución dun solpor na Bahía, as barcas da Dársena, as Galerías da Mariña e do Cantón e a Torre de Hércules. Esta é a cidade que amosan as postais, os «souvenirs» da Coruña on as publicacións oficiáis. Esta é a cidade da que falan os profesionais do «coruñesismo» cando escriben a correspondente loubanza... Namentres tanto, na realidade de cada día, a cidade morre.

TEIMA
CULTURAL

A Coruña: Urbanismo e historia a desfeita da cidade

MANUEL RIVAS

Disque foi alá polos anos cincuenta —pasada a autarquía e abertas tódalas portas ó neocapitalismo— cando a destrución escomenzou a ser efectiva. De tódolos xeitos, o comenzo da destrución da cidade non ten data fixa, pro sí uns executores e unhas causas coñecidas. A clave, coma outras veces, pode estar nunha frase de Lefebvre: «a cidade é a proxección da sociedade global sobor do chan».

Falemos, pois, da Coruña. Cada ano as aceras do Cantón reducen-se mentres a poboación medra e, polo mesmo, necesita máis espazo pra vivir, pró encontro, pró paseo, pró xogo e a comunicación. E sóio un símbolo. Detrás de todo esto hai un xeito de entende-la vida urbá que permite a construción de novos barrios sin plantexar denantes os servicios mínimos.

A SOBREVALORACION DO CENTRO

Vivimos unha sobrevaloración do centro das cidades, unha superespeculación do chan nesta zona e, por conseguinte, a destrución de formas arquitectónicas, de edificios que son unha espresión máis da riqueza cultural do noso pobo e caen baixo da piqueta do máisimo beneficio. ¿Qué é o que está a ser destruído? Compre facer unha síntese da historia mesma da cidade pra ve-la concepción que dende os diferentes modos de produción se tiñan da vida urbá.

Xose Luis Martínez distingue catro etapas no desenvolvemento histórico do que é hoxe a Coruña: as primeiras tribus poboadoras, a colonia romana, a cidade medieval e a cidade burguesa. Interésanos eiquí, sobor de todo, o agromar desta última.

Cando a cidade vella deixa de se-lo núcleo onde se concentra o poder militar e político-administrativo (era a cidade política do feudalismo) e deixa a hexemonía a outras zonas eminentemente comerciais, coma pode se-la Pescadería, é entón cando escomenza a nacer, coma sinala X. L. Martínez, a imaxe da cidade moderna.

«Anteriormente —di— a cidade detentaba a escritura de quen poseía os secretos e poderes. Máis é no século XVI cando a cidade ostenta a súa propia escritura: o plano. Este amósanos a cidade dende enriba e dende lonxe, en perspectiva, pintada e retratada ó mesmo tempo, descrita xeométricamente».

O patrón de desenvolvemento da cidade industrial, tal e como se produciu nos países hoxe chamados «industrializados», non é de doada aplicación no caso de A Coruña, o que se pode explicar polo mesmo papel da burguesía galega. O gran proxecto desta burguesía, o Plan do ensanche de 1910 (campo de Carballo, Garás, etc.) responde máis ós intereses comerciais tradicionais cós industriais. De feito, no plano do Ensanche ignórase calquera asentamento de tipo industrial e a construción de barrios obreiros, por exemplo. «Enténdese, sinxelamente, coma o ámeto total de residencia e servicios da burguesía». Nada máis.

A IMPOTENCIA DUNHA CLASE

Naquel intre, as novas construcións concéntrase, pois, na Pescadería e no Ensanche. E decir, rúas

coma os Cantóns, Xoana de Vega, San Andrés..., ou plazas coma de Ourense, Pontevedra, Lugo... Precisamente a zona directamente afectada hoxe pola desfeita.

Do mesmo xeito que a nivel político e económico a burguesía e a pequena-burguesía galegas non conquieren unha hexemonía e son incapaces de xogar outro papel ca o de intermediarias, tampouco dan de seu unha alternativa estilística no eido arquitectónico, coma deu a burguesía francesa (art nouveau), a austríaca Sezession) ou a catalá (modernismo). Por eso os diferentes estilos teñen, sobor de todo o modernismo, o seu reflexo sempre na arquitectura coruñesa. Mais o que tamén é certo é que, polo debaixo, as formas e as estruturas máis ou menos copiadas teñen unhas raigañas na arquitectura popular. E as Galerías poden ser un exemplo. Son formas non alonxadas das vixentes naquel intre nas vilas rurais de Galicia.

Este mundo está, sin embargo, a piques de vir abaixo. Arquitectos coma Galán, Antonio de Mesa, Antonio López Hernández... Obras (algunhas verdadeiras creacións artís-



AFOGADOS E IMPORTANTES



ticas) coma a casa das Máscaras da Plaza de Lugo, e en xeral tódalas casas da plaza que non sexan de nova construción, a casa Salorio, a casa Galán... Esa mesma casa que está a carón do Banco Pastor, no Cantón Pequeno, feita no 1912, que agora mesmo está a ser destruída. A Coruña, esta Coruña dos primeiros anos do século e fins do XIX, vense abaixo. E coas novas da morte volvemos ó principio do tema.

UN PLAN DE ORDENACION

¿Qué supón un *Plan de Ordenación*? Despóis de estudos, críticas, mesas redondas, etc., tírase a conclusión de que o plan non cuestiona de ningún xeito as liñas actuais de ordenación. Dálle, en tal caso, un áer máis racional, poida que máis civilizado, pro sin ir ó fondo do tema. Saen, pois, favorecidos os intereses comerciais e especulativos.

A face da vila non engaña a ningún: rúas do mesmo ancho tiñan antes á súa beira edificios de catro ou cinco pisos e agora téñennos de dez ou quince con todo o que esto significa. Unha vila con sona de ter arbres pola meirande parte das súas rúas, tenos hoxe sómentes nos xardíns de Méndez Núñez. A arbre é outro símbolo. Carlos Peregrín Otero decía nunha conferencia que deu na Coruña que se o capitalismo americano é irracional, o capitalismo dependente éo dobremente. E engadía con ironía o profesor galego que traballa con Noam Chomsky en USA, que se os americanos chegan a vivir nunha cidade como A Coruña, eles, tan pouco dispostos, farían a revolución.

Estamos a falar dalgo máis que dun S.O.S. por uns edificios que son cultura e que seguen a ter unha importancia funcional. Unha das críticas ó plan de Ordenación da cidade (redactado por unha empresa madrileña) é que na súa redacción e elaboración non participaron pra nada os veciños. Xunto coas asociacións os técnicos reivindicán tamén unha democratización no proceso de diseño, esixencias que son reflexo da loita de dúas concepcións da cidade. Por unha banda, veciños e profesionais que queren rematar co mito de que *vida urbana é vida humana* son cousas antagónicas. Por outra, os intereses particulares que propoñen a cidade que vemos tódolos días, que falan a linguaxe coñecida: agora e eiquí, cara ó máisimo beneficio e á especulación, á desfeita.

O remuíño

XAVIER MARIÑO.

Hai novos proxectos no ano que escomenza. Por exemplo, no eido da música, o álbum de MIRO CASABELLA, do que escoitamos xa un pequeno adianto e que recolle, polo menos esta é a primeira impresión, un traballo serio, polo miúdo, anque cicáis enriba dos vellos e coñecidos temas deste cantante. Hai uns días escoitámo-la grabación, ó parecer definitiva xa pró album, de «Ti, Galicia», o poema de COSTA CLAVELL, que Miro xa tiña cantado polos anos 68 e 69, pro que agora, apoiado na zanfona e no timbal floxo (unha percusión moi axeitada), adquire unha dimensión de longo prego, berro ou laio cheo forza. Poida que cara ó mes de abril estea fóra o album, anque xa o teñen anunciado tantas outras veces que nin se sabe...

XERARDO MOSCOSO tamén está a grabar, en «Emi», un álbum que aínda non ten título, pro que xa ten capa, dibuxada por ARMANDO GUERRA. Xerardo pediu permiso pra alongala súa estadía en España e poder grabar-lo disco en Barcelona. Mentras tanto, se cadra, mesmo podería arranxarse o do seu pasaporte e a súa nacionalidade, que anda nas mans dos abogados e nos pasillos da Administración Central. A ver se non lle pasa logo como ó BIBIA-

NO que HUETE lle fixo a capa do seu álbum e logo a productora dixo que non, que eles tiñan as súas propias ideas pra vender, e tiraron pola súa conta esa capa de «Estamos chegando ó mar» con bandeira galega e bágoas desesperadas que dá noxo mirar pra ela.

¿Pra cando en Galicia unha CASA DISCOGRAFICA e de GRABACION? ¿Cando os nosos cantantes deixarán de andar á esmola de Madrid? Unha cultura que non ten os seus propios medios de produción é sempre unha cultura na resistencia. Seguese a falar do tema. ¿Cando entenderán as salas comerciais de proxección de películas que pasa-lo CINE GALEGO, anque sexa en sesións especiais, mesmo pode ser rentábel? Esa é outra.

XAQUIN MARIN, compañeiro noso, está a piques de tirar un novo libro de dibuxos, que aínda non ten título, que está por artellar definitivamente, pro que vai editar XISTRAL, segundo as nosas noticias. Non é doado de publica-lo cómic. Hai un grupo de rapaces que piden a súa oportunidade, que fixeron algunha cousa, algunha exposición, pro ¿quén se arrisca a financiar unha publicación, anque sexa colectiva? Eso preguntan eles.

Xa noutro orde de cousas (ou no mesmo) as editoriais seguen a se queixar dos cartos, do moito que costa calquera aventura editorial, por pequecha que sexa. XISTRAL, por exemplo, ten varios proxectos interesantes, pro ten que ir a modo. GALAXIA ten agora tódalas esperanzas postas na novela de SILVIO SANTIAGO (a guerra civil, a resistencia e aventura dos galeguistas, os medos da retaguardia, os paseos, o paxaro mouro daqueles anos é o telón de fondo). CASTRELOS segue a facer números. Sept está a distribuír agora a reedición do «Problema político de Galicia» de VICENTE RISCO. E AKAL, entre os seus proxectos pra este ano, ten o de traer pra Galicia a edición das coleccións «Arealonga» e «Arealonguina», cantar en Vigo unha rotativa e quén sabe cántas cousas máis. Ah! polo «Remuíño» noso andan xa os títulos que poden ir este ano ó «Premio da Crítica» de poesía e novela, que se van fallar en abril, en Sitges, e que o ano pasado, por primeira vez, se concederon non sóio ás novelas e poemas escritos na lingua imperial senón tamén en catalán e en galego (Carlos Casares e Celso Emilio Ferreiro). Pro desto xa haberá tempo de falar noutra.

Teatro

505.000 Km² de celdas de castigo

«¡Queremo-lo mundo e queremo-lo agora!» O berro de Jim Morrison foi reflexo dun tempo no que a música, o espectáculo, a festa, realcontraron o senso primario pra traer un vento de esperanza... Non había moitas posibilidades: alí, en U.S.A., había un Vietnam vivo, un Vietnam que aparecía nas pantallas dos televexos despóis dos dentríficos e das bebidas espumosas. Aquela xeneración de Jim Morrison e de tantos outros soupo axiña que o sistema tiña outro lingoaxe moito máis violento que o rock ou o teatro de provocación. Sóio quedóu escribir a frustración.

¿E aquí? Neses anos cincoenta e sesenta tamén tiñamos vietnams non menos vivos. Pro «vietnams» agachados nas cantigas triunfalistas, nas películas con cheiro imperial de Sáenz de Heredia ou Rafael Gil, nos anuncios radiofónicos «desayuno y merienda ideal»... Na realidade de cada día, todo era moi distinto.

E os mozos da Iberia —pechados neses «505.000 km² de celda de castigo»— chegóulles o reflexo oco, valeiro, daquela música viva... E a provocación do rock ficóu no bailoteo da «chica ye-ye».

Este é un dos aspectos dos que parte a obra «Crónicas de una generación frustrada», con textos do poeta Xaime Noguero. Textos que dan pé a un espectáculo que parece que por fin poderá ser representado despóis de moitos problemas e algunha suspensión. A represión como temática —o consumo, o teniente Calley e My Lai, as industrias porcas... — moi vencellada a propia feitura da obra —antroido, incienso, provocación...

Xaime e os que con el traballan son conscientes —así o dixerón— da necesidade de achegarse a problemática galega. Por primeira vez, eles que até agora traballaban con textos en castelán, xa que nese medio lingüístico se desenrolaron, introduxeron o galego en parte da obra, na que tratan sobor de todo da agresión ecolóxica.

Falla agora ver a representación da obra e a reacción do público pra facer un xuício crítico deste espectáculo que quere ser reflexo da represión sobor dunha xeneración e tamén das arelas dos mozos que a formaban.

Esame de conciencia

A Eirexa española no franquismo

Francisco CARBALLO CARBALLO



MONSEÑOR ARAUXO
Novos alres na Igrexa galega

Empezan a verse, mesmo a nivéis universitarios coma populares, ensaios críticos sobor da relixiosidade e a institución eclesial durante os longos anos 1936-1975. O último e máis completo que coñecemos é o escrito por X. Chao Rego, «*La iglesia en el Franquismo*» (1). A obra ten dúas partes: unha adicada á dinámica histórica e político-relixiosa, e outra á análise sincrónica do pensamento cristián no proceso global do mundo moderno.

Nas dúas partes Chao fai unha historia teolóxica preñada da propia presenza. Comprensivo e tolerante, non oculta as súas preferencias nin deixa de estigmatizar con humor, ás veces esperpéntico, os erros imputables a persoas ou grupos. O mesmo título é xa valorativo. A primeira parte comprende sete capítulos: *Unha eirexa belixerante (1936-39)*, *Un estado de capelanías (1940-45)*, *En marcha cara ó Concordato (1946-55)*, *Evolución e viraxe conciliar (1956-65)*, *Tensións intestinais e novo anticlericalismo (1966-71)*, *Ameazas de ruptura e de cisma (1972-75)*.

Na segunda parte: *Un pobo, tres eirexas e dúas sectas* céntranse en apertado feixe os resultados tanto

da análise histórica coma da perspectiva teolóxica. Chao resume en tres as opcións eclesiais dos españois:

DEREITA, CENTRO, EZQUERDA

«*A dereita entendémola eiquí, referíndonos xa agora ó pobo católico en xeral, como integrismo relixioso, non racional senón compulsivo, con agresividade, froito dunha frustración. O factor frustante foi precisamente o Concilio, que provocou unha perda de poder da Eirexa sobor do Pobo. Inquisitorial e dogmática, é unha Eirexa tridentina, dominadora e escomulgadora. Eirexa estatal asegún o nacionalcatolicismo. O seu modelo político é a teocracia. Toda a súa cobiza pastoral, a volta das masas ó tempo. A súa clave: a máis estreita ortodosia, pro a que chega ó Concilio Vaticano II, nada máis, e a súa homologación política, o fascismo.*

Ten como eclesiología dominante a dunha Eirexa-sociedade perfecta, pro moi estreitamente mariada co Estado. E un sector da Eirexa moi clericalizado. A súa mística é a Cruzada, é decir, a defensa armada dos valores tradicionais. A súa fidelidade económica: a oligarquía. Descubrimos dentro deste grupo

—di Chao— *dúas formas sectarias, especie de dialectos do integrismo: a «Hermandad sacerdotal» (con toda a súa familia política) e o Opus Dei.*

O centro é moi amplo, e por eso dividíremolo en tres bloques, pero a característica común sería: un progresismo aperturista como punto de referencia no Vaticano II. Pro grupo máis á dereita (continuismo) a letra do Concilio non ten de ser rebordada, mentras que o grupo máis á esquerda (basismo) pensa que o seu espírito aínda está por aplicar. Antre medias, o grupo evolutivo e restauracionista (adaptacionismo), preocupado pola aplicación do mensaxe conciliar ós novos tempos, anque o bloqueo da ideoloxía escolástica os tolle pra dalos pasos realmente novos e quedan na aplicación dun reformismo vido de arriba.

A esquerda profésase revolucionaria e partisana facendo oución de clase e asumindo a súa loita. Auto-denomínase profética e considérase intérprete das expectativas máis fondas e obxetivas dun pobo asoballado que aínda non adequiriu conciencia do seu protagonismo. A súa clave pastoral é a praxis ceibadora e a súa fidelidade o proletariado, obreiro e campesiño» (p. 316, 317).

AS RAICEIRAS HISTÓRICAS

Foi unha longa cita, mais coído que significativa. Na segunda parte o autor precisa remontarse ó nacemento da Edade Contemporánea, a Revolución Francesa (1789) e á súa visión hispánica das Cortes de Cádiz. Logo dun pequeno recorrido por estes eidos o autor dános unha interesante versión do *nacionalcatolicismo* da eira franquista. O lector élle doado de segui-la análise sociolóxica. A orixinalidade desta obra, se a comparamos coa de J. González Anleo «*Catolicismo nacional, nostalgia y crisis*» (1975), é que Chao mostra moita máis atención ós indicadores eticoteolóxicos.

«*Ortodoxia e moralidade camiñan moi á par —di Chao—: o terreo moral era outro dos bens nacionais que tiña de ser protexido. Unha moral organicista, de orden público, de costumes represivos e atezadores pra atrancarlle o paso á innovación e facer máis estable a sociedade que conviña. O seu centro de interés era a familia, verdadeiro ben nacional e excepción en Europa, e o seu fundamento, o matrimonio.*

Pro tamén unha moral pública, prá que funcionou de maneira extraordinaria e hoxe divertida, a censura. Unha moral victoriana e bur-

guesa con redución ó sexto, posto que o sétimo estaba ben ceiba co sanción da propiedade privada como sagra e inviolable... Creemos —escribe Chao— que o moralismo daqueles anos constituíe a maior inmoralidade que aturóu o país» (p. 411, 412).

LECTURA DA BIBLIA

A pesares do pecho das fronteiras intelectuais, o soplo europeo traspasou os Pirineos. E con él unha nova comprensión da Biblia:

«*Nunca poderemos valorar dabondo o beneficio da irrupción bíblica na teoloxía católica —volvemos ó libro de Chao—. O traveso dunha relectura crítica e desmitificadora descubriuse algo evidente e reflexado xa polo agnóstico xudeo Erich Fromm na súa preciosa obra «E seredes coma deuses». A Biblia é un libro altamente revolucionario e supón a crítica radical a tódolos ídolos, prohibindo toda imaxe de Deus e situando o seu recoñecemento na palabra e na promesa.*

«*Coma froito desa nova visión, a Biblia desdiviniza a natureza e o relato da Creación —serodio e secundario, derivado da alianza— sitúa ó Mondo coma criatura distinta do Creador, do que procede coma imperativo da súa palabra... Está asentada, pois, a secularidade e a desacralización: o mundo non é divino e non existen espacios humanos sagros» (p. 486).*

Os dous derradeiros capítulos son esposición da actual maneira de entende-la fe por parte xa de moitos cristiáns. Nestas rápidas e luminosas liñas pódense atopar pistas pra unha Eirexa auténticamente popular e liberadora. «*Unha Eirexa formada partindo de grupos libres e comunidades de base (respetando ó mesmo tempo a existencia de outros grupos, coma os territoriais e parroquiais. Esta sería necesariamente unha Eirexa democratizada e desclericalizada. E perdería toda aparencia de Poder. O bispo situaríase nela non coma prelado sinón como misionero» (p. 555).*

Antes foi Celso Montero con «*Cristianos en la revolución cubana*». Agora Chao Rego. Outras obras están a piques de saír do prelo. A obra de Chao é moi complexa e apaixonante, discutíbel nalgúns pequenos xuícos de valor, pro ven a ser coma o tecido no que vive e do que vai sacar sucesivamente moitas máis teas.

(1) X. Chao Rego. «*La Iglesia en el Franquismo*». Ed. Felnar. Madrid, 1976. 557 paxs.

Cine pra nenos

Unha resposta crítica

A. M.

Do 21 ó 25 de setembro xuntáronse en Barcelona, aproveitando a «III Convención de Cine Infantil de 16 mm.», profesionais do cine, educadores, entidades e persoas vencelladas ós medios de comunicación audiovisual pra nenos e xente moza pra tentar de chanta-los alicerces dunha posibel **Confederación de Cine Infantil e Xuvenil** de todo o Estado.

Participaron nestas xuntanzas xentes de Andalucía, Aragón, Asturias, Catalunya, Centro, Galicia, País Valenciá e Murcia, e máis Euzkadí. Nestes intres estáse a traballar no nomeamento de *Comisións Xestoras* de todos estes sitios cara á elaboración duns Estatutos da Confederación que poderían estar artellados arredor de febreiro ou marzo.

¿Qué pode significar unha *Confederación* de cine pra nenos e xente moza? Dalgún xeito esta é unha resposta á carta que profesionais do cine, educadores, etc., firmarán no último mes de Santiago cando o «XIV Certamen Internacional para niños de Gijón». Naquela carta denunciábase a existencia dun festival que non miraba axeitadamente a problemática do neno no intre de se plantexar un cine dirixido ós cativos, un cine que deberá estar chantado —asegún os firmantes— na liberdade de creación, na autenticidade e nunha independencia que faga posible que os profesionais poidan organizar eles mesmos a produción, distribución e exhibición das películas.

UN CINE DIFÍCIL

Non é a primeira vez que se fala desta cuestión. O cine pra nenos e xente moza en xeral é un cine difícil, cunha linguaxe difícil, capaz de *falar* cinematográficamente dende a concepción do mundo do neno. Todo isto supón un traballo de investigación e esculca que eiquí nin se fai nin se fixo nunca.

Son os países do Leste os que van de primeiros na linguaxe cinematográfica infantil, resultado dunha concepción moi diferente (socialista) do arte e a comunicación en xeral. Os firmantes da carta de Gijón preguntaban que ónde está o cine pra nenos en España, fóra de tres ou catro realizacións sin moito interés e ás veces mesmo perigosas. ¿Qué fai o chamado *Centro Español de Cine para la Infancia y la Juventud*, que ten axudas oficiais, depende (paradóxica e significativamente) dunha entidade privada e

monopoliza a representatividade do Estado nas mostras e certames que se celebran no estranxeiro?

MAIORIAS MARXINADAS

A mesma UNESCO, máis dunha vez, ten definido ós nenos, no eido da educación e a comunicación, coma as grandes minorías marxina-das (entre outras). A sociedade capitalista e de consumo non mira pró neno, non lle interesa o neno entre outras cousas porque supón unha inversión sin rentabilidade directa, non ten capacidade adquisitiva de seu. Non hai máis que lle botar unha ollada ó que se fai pró nenos. En último termo téntase de sacarlle «beneficios» directos ó pai.

Non temos unha axeitada literatura infantil; non se traballa na investigación dun *comic* que xurda da realidade mesma do neno; as cidades son enemigas do neno (non hai zonas verdes, nin lugares públicos de xogo, nin actividades sociais). Desto falaban os firmantes da carta de Gijón da que recollen, o espírito precisamente, os que promoven agora a creación da Confederación. ¿Quén pensa nos nenos no intre de face-lo cine? ¿Pra qué sirve o cine pra nenos? Dende logo non pra enche-lo patio de butacas nas salas de gran estreno.

A Confederación quere ser un organismo autónomo e democrático, crítico, científico, comprometido coa comunicación e coa necesidade de formar ó neno nos medios audiovisuais, consciente de que a súa primería loita vai ser coa mesma Administración. En xuño deberá celebrarse, se os proxectos se compren, a Asamblea Constituínte Xeral, en Gijón. Anque non é, polo de agora, máis que un gromo, compre sulíña-los obxetivos. A grupo galego ten celebrado xa as súas primeiras xuntanzas. Dentro desta problemática compre falar xa do neno galego, do neno campesino ou do neno da cidade... Pro desto pódese falar outro día. Queda sulíñada a noticia.

Escolma / TEIMA

LIBROS

Renée Balibar / Dominique Laporte. BURGUESIA Y LENGUA NACIONAL. Avance, Serie Teoría. Barcelona. Setembro, 1976. 201 páxs. (ensaio).

Nacemos, medramos, vivimos dentro dunhas relacións políticas, dentro dunhas relacións de clase que nos conforman, que caracterizan o noso contesto social e mesmo emocional. Falamos (unha lingua ou outra) dentro desas mesmas relacións. ¿Por qué o uniformismo lingüístico, por exemplo? Os autores, apoiándose fundamentalmente no exemplo francés, tentan demostrar cómo o proceso de uniformismo na lingua (a dictadura dunha lingua superior enriba de outras consideradas inferiores) é o resultado dun tempo histórico: a civilización burguesa. Un uniformismo que ten a súa expresión noutros moitos eidos das relacións humás: no comercio, nos sistemas de produción, nas relacións emocionais, etc.

O problema da uniformidade lingüística ven fondamente vencellado á concepción do Estado-Nación característico da revolución burguesa. Detrás dunha Gramática hai un volume de Teoría do Estado. Agora ben, os autores non se plantexan os problemas das linguas marxina-das, das asoballadas dentro desa concepción. O libro ten interés prá discusión e prá análise histórica.

A. Pexegueiro. «SERAOGNA». Rompente. Pontevedra, 1976. (poesía).

O grupo «Rompente», que eles chaman «cooperativa de poetas», anque o termo *cooperativa* non lles guste moito, publicou primeiro unha escolma de poemas colectivos («*Crebada as lirás*») a ciclostil. Logo salu, hai xa varios meses, «Seraogna» pagando eles do seu peto a edición. O libro non está ben distribuído. Non tivo moito apoio. E a pesares de todo (a pesares de que non é a poesía o xénero literario que máis pide o público) vai andando.

Ainda que sexa mirando un pouco pra atrás facémoslle eiquí un sitio na nosa «*Escolma*» ó «*Seraogna*» de A. Pexegueiro porque na paisaxe, non moi brillante, da poesía galega-1976 é quen máis posibilidades ofrece, quen máis gromos trae de primavera. A pesares das súas desigualdades hai nestas páxinas vieiros novos prá poesía.

Cátedra de lingüística e literatura galega. PROSA GALEGA (DESDE OS PRIMEIROS OITOCENTISTAS AO GRUPO «NOS»). Edit. Galaxia. Universidade de Santiago. Vigo, 1977. 400 páxs. (*Escolma*).

Compría un traballo deste xeito. O interés cada día maior polos estudos da literatura galega atopábase cunha falla de textos ou ferramentas de traballo. A escolma que propón a Cátedra de Lingua e Literatura galega da Universidade de Compostela ven a encher este valeiro cunha mostra de oitenta e tres autores, dende Pedro Cima de Vila (1805) a Florentino Cuevillas do grupo «Nós», todos eles en prosa.

A temática e os xéneros son moi variados (ensaio, novela, conto, teatro, crónica). Os autores da escolma axeitaron somentes a ortografía ós tempos modernos. Mantiveron fiéis o léxico e a morfoloxía de cada texto e cada época histórica, o que permite ademais segui-la evolución de solucións, estilos, preocupacións léxicas e mesmo estéticas, etc. Polo demáis, no limiar, os autores recoñecen tamén que toda escolma é subxetiva e polo mesmo sempre contestábel e discutíbel. Libro fundamental (e único polo tempo histórico e os autores que abrangue) prós estudiosos e traballadores da nosa historia literaria.

DISCOS

Voces do pobo (varios). HIMNO GALEGO. Zafiro. Álbum de dez temas. Nadal de 1976.

O pouco da grabación e edición por esta mesma casa dun pequeno disco de dous temas («*Himno galego*» na súa versión completa e «*Venceremos nós*») cantado por obreiros, mariñeiros, estudantes, etc., dun xeito espontáneo, os editores tiran do prelo este álbum no que se reproduce o título, cáseque a portada do «*singel*» e os dous temas anteditos. Pro engádeselle, a xeito de «enche-la cousa» e aproveitando o interés que poidera te-la grabación primeira, grabacións dos Tamara, Finá Galicia coa agrupación coral folklórica de Cámara de Madrid, Joaquín Deus, etc. O público pódese deixar levar pola portada e o título e pensar que se atopa cun álbum grabado por eses mesmos estudantes, obreiros, etc., que cantaran o «*Himno Galego*» e o «*Venceremos nós*». E unha trampullada. Todo o interés está no disco pequeno que trae os dous temas. O demáis é pra encher un álbum e vende-lo máis caro. Aforren os cartos.



TEIMA SI, TEIMA NON

Son un estudante galego en Madrid. Nestas vacacións de Nadal tiven ocasión de merca-lo número un da revista TEIMA, que tódolos os que somos galegos estábamos a agardar.

Vaia por diante a miña felicitación e espero que tamén poida mercar TEIMA en Madrid.

X. C. FERNANDEZ
LUGO

Información obxectiva, ceibe, non manipulada e sin pecharse a un chauvinismo trasnoitado. Isto é o que debería ser pra os bispos de Santiago e Mondoñedo, TEIMA.

Conoce-la realidade galega, non dende o punto de vista dos intereses de grupo económico ou ideolóxico e paso decisivo pra verdadeira democratización de Galicia, no pensar de Ramón Piñeiro.

Pro despóis de ter leído o primeiro número da revista, nótase que non é nada obxectiva, que está manipulada dabondo por unha ideoloxía nada democrática, e que, ás veces, péchase nun chauvinismo testán.

Vense a mesma liña ideolóxica, e os mesmos tópicos pueriles e obsesivos, nos artigos: «Referéndum: votou o medo», «A rúa era roxa e pedía abstención», «Preguntar en galego é arriscarse», «Referéndum pra despóis dunha guerra», «Fascistas en Ourense: non se ven pro traballan», etc., etc.

E sintomático o artigo-apoloxía, de dúas páxinas, que lle facedes a un cantante portugués sicario do L.U.A.R. (o grupo revolucionario de extrema esquerda máis fanático do veciño país).

Somos tres millóns de galegos, e a maioría, penso, queremos unha DEMOCRACIA VERDADEIRA pra Galicia. Queremo-la descentralización, o ensino en galego pra os nenos galegos, a reposición dos vellos topónimos, a cooficialidade do galego e un estatuto de autonomía. Pro dentro dunha Galicia verdadeiramente democrática, sin estremismos nin imposicións. E se a alguén lle peta por falar castelán non lle alcumes porque a vosa Galicia de extremistas iríase ó carallo.

A democracia é así. Cada un se raña onde lle roe. Non vos esqueza-

des e temaide conquerilo. Bo Nadal.

CARLOS ORTEGA PENAMARIA
Xaquín Loriaga, 24-4.º-D.
LALIN

Señor Director: Atrévome a escribirlle pra felicitarlle a vostede a máis a todo o persoal da redacción da revista, por conseguir que un pobo coma o noso, ó cabo de tanto tempo, poidamos ter unha revista galega cen por cen e que perdurará polo ben da nosa cultura, do noso país e máis da nosa fala.

Somentes quixera rogar que a revista incluíra, como fan outras revistas e xornais, un apartado no que se poidan pedir á súa redacción discos ou libros que é case imposible atopar nas casas discográficas, como ocorre no Ferrol, onde interesan máis as cantigas de Juan Pardo e Camilo Sesto, aínda que na nosa terra se atopa xente de máis calidade que todos eses cantamañanas.

Sin máis, despídese de vostede e máis de todo o equipo de TEIMA, un seguidor da nosa revista.

L. G.
FERROL

Benqueridos amigos: Leín e releín o primeiro número de TEIMA, que me parece magnífico baixo tódolos conceptos e máis cando co tempo se vaia adquirindo máis experiencia.

O que me parece un erro, e eu seiño por experiencia, é non seguir as normas da Academia Galega, principalmente na contracción «ao», que escribides «ó», e que aos que non teñen praitica de ler o galego, fai que o confundan co artigo determinado «o», o que lle fai que moitas frases non lle teñan senso ningún, ademais que os portugueses, aos que lles pasaba algo semellante, xa o resolveron usando «ao». A min paréceme que estas pequenas cousas son necesarias pra a normalización da lingua que é ao que todos aspiramos.

Cun saúdo moi cordial e unhas boas festas do Nadal e un ledo Aninovo, se despide.

Calros Herrero e Alvarez
Rúa de Cabo Estai, 40
VIG O

menencia, ó meu entender dunha campaña de felicitación-suscripción masiva, aproveitando as datas nas que estamos. A saída dos primeiros números de TEIMA, as pagas «extra» e o sentimento de euforia que producen xuntos estes acontecementos nas persoas. O meu concepto de masivo é moi superior en cantidade do que se fixo

na etapa inicial de propaganda «polas dez mil suscripcións». Xa que logo no Ferrol quedaron moitísimas persoas sin poder achegar un boletín de suscripción dos editados en amarelo e negro.

Luis Yusti
FERROL

UN VELLO ANCEIO

O proxecto de sacar á rúa unha revista coma TEIMA, hoxe feito realidade, é un vello anceo que veu latexando en moitos galegos. Ogallá contribuíra a un millor coñecemento da nosa realidade. Precisamente por elo non sóio ten de ser viábel, senón que sin dúbida, acadará unha boa acollida si sabemos esta-la altura das circunstancias que de todos nós esixe o país. Na súa viabilidade e difusión van influir moitos factores en función da liña que desenvolva a revista.

Xa vai sendo hora de que Galicia conte non sóio cun medio de difusión, senón cos que fagan falla, nos que se reflexe esta realidade nosa con veracidade, con senso crítico ben baseado e con información minuciosa do noso acontecer diario. De que TEIMA seia pra facer realidade de todo isto, depende o seu porvir e o de Galicia no ámeto da propia revista.

María do Carme Regal Vidal
Xoan X. Santamaría Conde
Marqués de Valladares, 59-1.º, Drta.
VIG O

MAIS DATOS PRO «AFFAIRE GROVELAN»

Señor Director de TEIMA: No traballo que esa revista publica no número dous do 23 de decembro baixo o título «GALICIA, A SETE PESETAS METRO: O «AFFAIRE» GROVELAN» e que vostede firma (pois dise no preámbulo: «Anxel Vence investigóu no Grove e Madrid as conesións dun «affaire», o «Grovelán»), cométese, e penso que involuntariamente, un erro de omisión que é preciso subsanar pra deixar a cousa no seu sitio verdadeiro, única maneira de que a «información» responda á realidade. A cousa é a seguinte: En todo o traballo, polo demáis estimable e que merece os meus plácemes, non se nombra pra nada a unha Sociedade de Emigrantes Galegos radicados en Buenos Aires —UNION FILLOS DO GROVE— con domicilio en Chacabuco, 955, integrada dentro do sistema federativo, na FEDERACION DE SOCIEDADES GALEGAS. ¿Cómo é posible iso? A investigación de vostede, señor Vence, non foi completa e fallou —iñoro por qué demos entrometidos— no máis simple e ó mesmo tempo, nalgo moi importante do proceso do «affaire Grovelán», históricamente falando, xa que esa sociedade que denantes nomeamos —UNION FI-

Cartas a Dirección

LLOS DO GROVE— representación dun pobo na emigración, constituída por homes que levan a cachola moi limpa, que saben loitar polos intereses da súa terra e polos dereitos dos homes ceibes política, económica e socioloxicamente, moito antes de que ninguén «comezara a inquedarse polo que su cedía» (como vostede afirma no seu traballo) denunciou públicamente a especulación do «affaire Grovelán» dirixindo cartas persoais ós veciños e escritos ó alcalde, ó gobernador, ó ministro da Gobernación e ó presidente das Cortes, rompendo, como se dí, o fogo, cando aínda tódolos compoñentes do Concello, pensaban (non sei se polas boas ou «polas que puidesen vir») que estaban facendo o millor negocio do país. Eu dígolle, e case pode afirmá-lo, que si o «affaire Grovelán» aínda está ahí vivo nun pobo que non pode deixalo ir adiante porque sería deixarse levar os seus bens coma si foran areas que levase o mar, é porque esa sociedade de Buenos Aires —Unión Fillos do Grove— puxo a cousa en cuarentena dunha forma clara que todo o pobo comprendeu, un pobo que aínda fai tan sóio uns meses, dirixiu ó ministro da Gobernación un escrito de protesta con máis de quientas firmas.

E nada máis. Agardando que se lle dé publicidade na sección «Cartas á dirección», penso que era de xusticia subsanar iste erro, pois non se pode falar do descubrimento de América sin nomear a Colón.

Moi agradecido, saúdao atentamente.

Manuel Luelro Rey
PONTEVEDRA

NOTA DA REDACCION

Alégranos poder decir que son moitas as cartas que están a chegar á nosa redacción. E un feito que fala ben claro do interés das xentes deste país polas súas cousas. Supoñemos e desexamos que seguirá a racha deste diálogo vivo cos nosos lectores. Por eso queremos publicar cada semá o maior número posible de cartas e por eso quixéramos pedir a quenes nos escriban que non fagan excesivamente longos os textos, agás que o tema a tratar o esixa realmente.

En caso contrario, o normal debe ser un texto de 20 ou 25 liñas. E a mandar.

MOITAS GRACIAS.

IDEAS PRA UNHA CAMPAÑA

Ademais de enviar o meu desexo de felicidade neste Nadal pras persoas que traballan en TEIMA e desexar que o Aninovo sexa pra revista un ano de raiceiras fondas e fortalecemento do seu éxito e permanencia, quero indicarlles a co-

en Galicia...




RADIO POPULAR

VIGO, OURENSE, FERROL, LUGO

por unha radio cada día **máis nosa**

**CADA PAIS
TEN
A SUA VOZ**



La Voz de Galicia

**O diario de maior tirada e
difusión de Galicia**

